



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CAMARIÑAS

DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA

ORDENACIÓN AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA TOMO VI

- PROPOSTA DE MEMORIA AMBIENTAL

PROPOSTA DE MEMORIA AMBIENTAL

DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE CAMARIÑAS

ÍNDICE.

1. Introducción.	3
1.1. Equipo redactor.....	3
2. Análise do proceso de avaliación.	4
2.1. Tramitación do procedemento ambiental.....	4
2.2. Análise dos aspectos ambientais e socioeconómicos relevantes do territorio.....	5
2.3. Análise dos obxectivos e criterios.	6
2.4. Análise das alternativas.....	8
2.5. Análise e integración dos efectos do Plan sobre as variables de sustentabilidade.....	8
2.6. Análise e integración dos efectos do Plan sobre a ocupación e transformación do territorio.	15
2.7. Medidas protectoras, correctoras.....	15
2.8. Concreción do seguimento do Plan.	16
2.9. Viabilidade económica do plan.	16
3. Avaliación do resultado da fase de consultas.	17
3.1. Análise do procedemento de participación pública e consultas.	17
3.2. Análise dos resultados da participación pública e consultas.	17
3.3. Análise da integración dos resultados do proceso de participación pública e consultas.....	18
3.4. Informes das administracións públicas.	22
4. Análise do Plan para aprobación provisional e definitiva.	30
4.1. Clasificación solo aprobación provisional.	30
4.2. Conclusións.	40

1. INTRODUCCIÓN.

O presente borrador da MEMORIA AMBIENTAL do proceso de Avaliación Ambiental estratéxica do PXOM de Camariñas redáctase de acordo co previsto polo artigo 12 de a Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

A memoria ambiental é preceptiva e debe terse en conta no Plan antes da súa aprobación definitiva, contendo as determinacións finais que deban incorporarse á proposta do Plan.

Houbo unha primeira versión do presente documento para a Aprobación Provisional de Febreiro de 2011, que se ten revisado a finais de 2011 para continuar o procedemento e.que agora se revisa a finais de 2012 para rematar o procedemento do PXOM.

1.1. Equipo redactor.

O presente documento redactouse por un equipo da empresa Consultora Galega S.L. no que participaron os seguintes profesionais:

- Xoán C. PORTELA REGODESEVES, Arquitecto.
- Alfonso BAR BLANCO, Biólogo
- Patricia VILLOT CAMESELLE, Bióloga.
- Miguel A. BARREIRO GARCÍA, Xeógrafo

En Pontevedra, Outubro do 2012.

Polo Equipo Redactor

Asdo. Xoán Carlos Portela Regodeseves

2. ANÁLISE DO PROCESO DE AVALIACIÓN.

2.1. Tramitación do procedemento ambiental.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Camariñas sométese ao procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE) conforme ao establecido na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, e en cumprimento do artigo 5 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

O Concello de Camariñas como órgano promotor remite con data 18 de xaneiro de 2007 ao Órgano Ambiental -registro de entrada nº 1403- da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible (DXDS), o documento de Inicio ao obxecto de iniciar o trámite da AAE. Seguidamente, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible (DXDS), como órgano ambiental do procedemento de AAE, facilitou ó Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (COGAMADS) e ó público en xeral, a través da dirección web: <http://aae.medioambiente.xunta.es>, o acceso ao Documento de Inicio para o seu exame. O órgano ambiental consultou, segundo o establecido no artigo 19 da lei 9/2006, aos órganos das Administracións Públicas afectadas e público interesado co obxecto de determinar o alcance e nivel de detalle do Informe de Sustentabilidade Ambiental.

O resultado da fase de consultas preliminar foi unha única resposta do *Organismo Autónomo de Augas de Galicia* Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Seguindo as determinacións do Documento de Referencia, elaborouse o Informe de Sustentabilidade Ambiental que se incorporou ao PXOM na fase de aprobación inicial. O pleno municipal do Concello de Camariñas, aprobou inicialmente o PXOM co Informe de Sustentabilidade Ambiental con data 27/02/2009 e abriu o trámite de información pública do PXOM e do ISA durante o prazo de dous meses.

O anuncio da aprobación inicial do PXOM e do trámite de información pública publicouse no DOG do venres, 13 de marzo de 2009 e nos dous xornais de maior difusión da provincia.

Trala participación pública e consultas como resultado da posta a disposición das Administracións Públicas afectadas e do público interesado do PXOM e do ISA, o documento do Plan modifícase para integrar os resultados do proceso de participación pública e consultas, e en consecuencia o documento do PXOM para aprobación provisional presenta variacións, tanto nos textos como nos planos, sobre o documento que foi a aprobación inicial. E por, tanto o ISA que foi a aprobación inicial, presenta os datos e avalía o Plan previo á fase de consultas.

Nesta proposta de memoria ambiental introducimos as modificacións e a integración dos resultados do proceso de participación pública; así como as medidas preventivas e as medidas particulares -no caso de ser necesarias- que teñan que incorporarse en consecuencia dos cambios producidos no Plan dende a aprobación inicial ata a aprobación provisional.

2.2. Análise dos aspectos ambientais e socioeconómicos relevantes do territorio.

O concello de Camariñas pertence á comarca de Terra de Soneira, situada ao leste da provincia da Coruña e integrada polos municipios de Camariñas, Vimianzo e Zas.

Conta cunha superficie de 28,4 km² e limita cos concellos de Muxía, Vimianzo e Laxe. Forma parte do espazo litoral denominado Costa da Morte.

No ano 2006 contaba cunha poboación de 6.323 habitantes. A estrutura da poboación por grandes grupos de idade é a seguinte: o 17,3% son menores de 20 anos, o 61,6% entre 20 e 64 anos e o 21,1% maiores de 64 anos o que dá un índice de avellentamento de 122,1.

A maior parte da poboación concéntrase no núcleo urbano de Camariñas. Os asentamentos de maior entidade despois de Camariñas son Camelle e Ponte do Porto. O resto de asentamentos de poboación son pequenos núcleos rurais.

A pesar das cifras de retroceso poboacional apréciase un incremento do parque de vivendas dedicadas a segunda residencia, sobre todo na zona costeira. Esta tendencia é común a tódolos concellos da súa contorna e indicadora da consolidación da función turística-residencial, nun momento de retroceso doutras actividades máis tradicionais como a explotación agraria, forestal, pesqueira e mesmo industrial.

Dende a perspectiva ambiental, Camariñas salienta por posuír unha franxa litoral con importantes valores naturais e paisaxísticos. Unha parte do seu litoral está integrado na Rede Natura LIC Costa da Morte e ZEPA Costa da Morte. É un treito de costa de altísimos valores paisaxísticos, ecolóxicos, botánicos e faunísticos. Cunha superficie en Camariñas do LIC de 1.197,76 ha (o espazo protexido esténdese ao longo da costa entre as localidades de Camariñas e Arou) e do ZEPA de 722,12 ha (tramo costeiro de Arou - Cabo Vilán que inclúe sectores de augas mariñas). Ámbolos espazos interséctanse e intégranse como Rede Natura 2000, tanto os LIC como os ZEPA dentro da Rede Galega de Espazos Protexidos. Espazos que posúen simultaneamente a condición de Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (Decreto 72/2004, do 2 de abril. DOG 69, 12/04/2004).

Ademais Camariñas presenta ao Cabo Vilán - Sitio Natural de Interese Nacional ((UTM)483011,Y (UTM) 4778344 , cunha superficie de 81 ha, e un perímetro de 5617 m. e tamén incluído na Rede Natura. Ademais a praia do Trece é un Punto de Interese Xeolóxico. O cabo Vilán e o seu contorno foi incluído na lista de áreas importantes para a flora ameazada española (Atlas e Libro vermello da flora vascular ameazada de España, MMA, 2003).

Así pois, temos un bo tramo do litoral de Camariñas integrado na Rede Galega de Espazos Protexidos e por tanto deberase garantir o mantemento ou, no seu caso, o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos tipos de hábitats naturais e dos hábitats das especies de que se trate na súa área de distribución natural.

Ademais todo o litoral do concello presenta uns valores notables con sucesión de cantís e praias.

Os diagnósticos ambiental, socioeconómico e territorial están tanto na memoria do medio rural como na diagnose do ISA, e en concreto no apartado 2.19 do ISA faise unha identificación dos elementos estratéxicos do territorio, de acordo ás variables de sustentabilidade.

2.3. Análise dos obxectivos e criterios.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Camariñas propón unha serie de obxectivos para a protección ambiental e o desenvolvemento sostible, que están en consonancia coas políticas, directrices e estratexias no marco de referencia ambiental e de Sustentabilidade europeo; así como dos instrumentos de planificación sectorial e as determinacións do documento de referencia.

A proposta de planeamento pretende corrixir as problemáticas ambientais e socioeconómicas detectadas e ordenar o territorio baixo criterios de sustentabilidade e de integración ambiental, propiciando unha mellora da calidade de vida e das oportunidades de desenvolvemento da poboación, con actuacións que potencien a chegada de turistas, que se fomente a creación e desenvolvemento de actividades empresariais, e que se condicione e establezan normas de protección do patrimonio natural, cultural e paisaxístico.

Preséntase un modelo de ordenación que parta primeiramente da súa situación costeira e periférica, situación periférica que tense que tomar como diferenciación territorial e por tanto como posible factor de tracción positiva, nun territorio litoral cun sobresaínte patrimonio natural e cultural. E así o recolle o avance das DOT que inclúe a Camariñas dentro da rede de núcleos de identidade do litoral. Segundo os plans sectoriais, tanto o Plan Sectorial Empresarial e o Plan Galego de Acuicultura inciden en Camariñas, así como outros plans nos sectores turísticos, pesqueiros e enerxéticos. O Plan que se elabora presenta un modelo territorial policéntrico potenciando as áreas urbanas, favorecendo a compacidade dos núcleos, cara evitar o crecemento difuso no concello.

A estratexia do modelo de ordenación do Plan define e delimita as necesidades que debe dar resposta o planeamento, unha vez calculada e xustificada a demanda residencial. Deste modelo policéntrico que define o Plan saen os principais obxectivos e criterios:

- Consecución dunhas axeitadas redes de servizos: tanto de abastecemento como de saneamento. O Plan fai un esforzo salientable nos servizos de abastecemento e saneamento para mellorar o ciclo hídrico e erradicar os vertidos. Calculando a capacidade do sistema de abastecemento e a dimensión necesaria do sistema de saneamento, para garantir a depuración das augas.
- Primar a compactación dos núcleos urbanos de Camariñas, Camelle e Ponte do Porto.
- Evitar a fragmentación do territorio e a formación de barreiras que produzan ruptura na continuidade dos distintos usos previstos nos novos espazos urbanos e dos hábitats.
- Dotar de equipamentos asistencial, deportivo e cultural, localizados nos asentamentos principais e secundarios para facilitar o acceso á meirande parte da poboación.
- Integrar no sistema de espazos libres do patrimonio natural, mediante a definición de corredores verdes. O Plan garante que non se afecta a espazos de especial valor (no seu

caso establécense medidas correctoras para que os espazos de interese se dediquen a espazos libres, mantendo a biodiversidade).

- Creación de grandes corredores ecolóxicos (corredor de Vilán e do río Grande) e corredores verdes (corredor de Camariñas, corredor do Trasteiro - Ensenada de Baza, corredor do Brea - Lamastredo, corredor do Lazio – Cuncheiro, corredor do Camelle). Potenciar o uso social do patrimonio natural, como medio de protección e posta en valor. A defensa do patrimonio natural é unha peza sumamente importante na articulación territorial da vila de Camariñas, entendida esa defensa, non só como conservación do existente, senón tamén como elemento susceptible da súa posta en valor como recurso económico.
- Crear actuacións tractoras ou dinamizadoras produtivas, mediante a delimitación de dous polígonos empresariais.
- Crear actuacións tractoras ou dinamizadoras turísticas mediante a recuperación e posta en valor do patrimonio natural e cultural do concello.
- En canto á mobilidade, o Plan aposta primeiramente polo transporte público e logo no novo plan deberase desenvolver unha rede integrada de carrís - bici e sendas peonís que permitan articular o territorio, apoiados nos camiños existentes
- Tódolos ámbitos do territorio con valores ambientais, paisaxísticos e de interese cultural arqueolóxico ou patrimonial quedan protexidos. O planeamento velará pola preservación e mellora do patrimonio natural e promoverá unha visión integradora e holística do territorio.
- En canto aos residuos prodúcense melloras no tratamento racional de todo tipo de residuos, vertedoiros incontrolados, etc.
- En canto á atmosfera levaranse a cabo medidas urbanísticas que supoñan a rexeneración atmosférica e doutras que impidan ou limiten a contaminación do aire.
- A proposta do novo Plan intenta ser a máis axeitada para corrixir as dinámicas negativas detectadas e propiciar unha mellora na calidade de vida e das oportunidades de desenvolvemento da poboación de Camariñas e unha serie de condicionantes que fomenten a estratexia da sustentabilidade.
- Tamén se fomentan accións e actividades para os solos rústicos que potencien os seu valores intrínsecos. Nesta alternativa as áreas de crecemento natural, isto é as áreas de crecemento residencial que se produce ao redor ou nos intersticios dos asentamentos existentes, e nos solos urbanizables residencias inténtase conseguir equipamentos e espazos libres e conseguir rematar as tramas dos núcleos para conseguir mellorar a imaxe destes núcleos e, á vez, posibilitar novos equipamentos e dotacións.
- O equilibrio entre a necesidade de ocupación do solo e a planificación prevista polo Plan está xustificada ao longo de varios puntos da Memoria do PXOM, sendo especialmente relevante ao respecto a xustificación exposta na estratexia de actuación do Plan.

2.4. Análise das alternativas.

As alternativas sintéticas de planeamento expostas no ISA foron xustificadas e valoradas mediante unha valoración cualitativa a partir do grao (1 mínimo e 5 máximo) de achegamento aos principais criterios e obxectivos de sustentabilidade. Contempláronse a estes efectos tres alternativas: a "ALTERNATIVA CERO", a "ALTERNATIVA UN" que incidía cunha potenciación ambiciosa do crecemento residencial conseguir un auténtico relanzamento da actividade municipal e a "ALTERNATIVA DOUS" cunha moderada proposición de expansión, recoñece a realidade actual e intenta paliar a problemática detectada e incorpora as demandas cara unha estratexia de sustentabilidade para acadar un modelo territorial que mellore a sociedade e o territorio cunha xestión ambiental, territorial e urbanística, cunha estratexia que intenta resolver moitas das problemáticas territoriais, ambientais e sociais existentes no territorio de Camariñas. Analizouse tamén a alternativa 0, entendendo como tal, non tanto a situación actual descrita nos preceptivos estudos do Plan, senón, a evolución da situación actual (sen o novo PXOM) nun período razoable de tempo.

Cómpre salientar que o equipo redactor considerou dende o inicio, e de xeito integrado nas diferentes etapas do PXOM, os aspectos ambientais xunto cos socioeconómicos nas tomas de decisións que se foron levando a cabo nas diferentes accións e etapas que configuran o novo PXOM. E así estimáronse as repercusións ambientais das principais pezas do Plan, que levaron en determinados casos a modificar a ordenación ou a introducir medidas correctoras, por tanto o proceso ten influído significativamente na redacción do plan. Así, podemos dicir que se foi avaliando a sustentabilidade do Plan dende o inicio da súa redacción, tendo en conta o diagnóstico e os obxectivos de sustentabilidade a acadar.

E por último, sinalar que a proposta do Plan para aprobación inicial difire da aprobación provisional, xa que logo a aprobación provisional integra os aspectos sinalados nos informes das Administracións públicas e as alegacións recibidas tomadas total ou parcialmente en consideración. Así o plan para aprobación provisional presenta variacións, tanto nos textos como nos gráficos. Estas variacións dannos unha valoración moi similar á valoración que tiña acadado a proposta de alternativa seleccionada na aprobación inicial, posto que as accións do Plan son practicamente as mesmas, e por tanto os efectos sobre as variables de sustentabilidade serán moi similares.

2.5. Análise e integración dos efectos do Plan sobre as variables de sustentabilidade.

Neste apartado identifícanse e caracterízanse os efectos ou impactos que o novo Plan ten sobre as variables territoriais e explicase o xeito en que estas quedan recollidas e integradas no Plan para aprobación provisional.

Consumo de solo:

O modelo de territorial do PXOM fai unha clara aposta pola consolidación e compactación centralizada nos núcleos existentes, principalmente nos urbanos (Camariñas, A Ponte do Porto, Camelle e Arou) garantindo unha ocupación densa complexa e esponxada, como se reflicte nos indicadores de planeamento, e todos os novos desenvolvementos realízanse no contorno

inmediato dos núcleos existentes. Este obxectivo prioritario de consolidación e compactación está especificamente recollido co DR onde fan explícitas as determinacións de "Priorizar a compactación dos núcleos urbanos de Camariñas, Camelle e Ponte do Porto" O aforro e a racionalización do uso do solo é notable e insírese nunha estratexia xeral de desenvolvemento integrada nunha prognose plenamente xustificada que dá validez á ordenación e clasificación do solo proposta, e ademais garante que tódolos novos desenvolvementos se realicen no contorno inmediato dos núcleos existentes. Sendo obxectivo explícito do DR "Fomentar os desenvolvementos lindeiros coas áreas urbanizadas".

A prognose e a estratexia de desenvolvemento do PXOM define unha proxección poboacional axustada e interrelacionada coa ordenación prevista e cos recursos de actividade económica previstos. Ese axuste permite garantir o aforro máximo no consumo de solo e recursos, pois só se clasifica o solo que se precisa para o desenvolvemento previsto cunha pequena marxe de manobra para non estrangular o mercado.

O modelo de ordenación territorial proposto nace da análise do asentamento poboacional existente no concello. Así mesmo, planifícanse moitas actuacións tendentes á mellora das condicións de vida no medio rural, que permitan desenvolver actividades económicas e agropecuarias e fomentar o emprego, mellorar as infraestruturas de servizos urbanísticos, propostas de habilitación de novos equipamentos de sistema xeral, a conservación da paisaxe, etc..., favorecendo a adecuación entre a ordenación proposta e o conxunto de roles que xa xoga Camariñas agora.

Garántese a conservación da biodiversidade, da paisaxe e do patrimonio natural do municipio, fomentando a conectividade biolóxica e tratando de integrar unha rede física continuada e conectada coas redes territoriais exteriores e coas de espazos libres urbanos. Na clasificación do solo nos rústicos de especial protección contéplase concretamente o acondicionamento como espazos libres de sistema xeral e a súa rexeneración ambiental de tódalas fronteiras marítimas dos núcleos urbanos.

Garántese o mantemento dos recursos do solo: agropecuarios, forestais, augas e ríos, protección arqueolóxica, etc..., mediante principalmente a cualificación destes solos como rústicos de especial protección, evitando que a presión de uso sobre os recursos supere a súa capacidade de rexeneración. Para o cal, no Estudo do medio Rural ten identificado os espazos de interese produtivo que logo se clasifican como solo rústico especialmente protexido, en función das súas características naturais ou produtivas. Establécense medidas concretas na normativa urbanística para a protección de todos os espazos con recursos naturais, patrimoniais e rurais.

Garántese a protección dos hábitats e ecosistemas acuáticos e terrestres de maior fragilidade ou interese, dos espazos da rede galega de espazos protexidos, mediante a protección estrita destes espazos e a súa posta en valor para previr o seu deterioro. Na clasificación do solo proposta, o LIC Costa da Morte clasifícase como solo rústico de especial protección enclaves naturais, ademais de definir dentro da súa delimitación, para a conexión cos distintos núcleos da ribeira norte de Camariñas, unha senda peonil, futura senda dos faros.

Garántese o uso eficiente do solo e dos recursos naturais, proposta territorial coherente para satisfacer as necesidades da poboación coa mínima ocupación do solo posible, limitando a expansión extensiva e de baixa densidade a zonas moi concretas do territorio, mediante medidas concretas como a localización eficiente das dotacións, pola definición das ordenanzas particulares do solo urbano e nas de núcleo rural e nas condicións establecidas na normativa para a protección da calidade e a paisaxe urbana e rural.

Na clasificación do solo, proposta no tocante aos rústicos de especial protección en especial as proteccións de infraestruturas e de canles e augas.

Favorecese a mobilidade a través de medios de transporte sustentable. Na definición do modelo de ordenación proposto, definindo a localización dos equipamentos de carácter xeral o máis preto posible do maior número de poboación do concello.

Ciclo hídrico:

O Plan intervéñen no deseño das novas redes de servizos propostas e na clasificación do solo especialmente protexido de augas e canles e de costas, así como tamén na normativa urbanística.

Tómanse medidas concretas para garantir un sistema de abastecemento de auga eficaz e sostible, por medio do deseño e dimensionado das necesidades futuras do concello.

No deseño das novas redes de servizos propostas e na clasificación do solo especialmente protexido de augas e canles e de costas, así como tamén na normativa urbanística, servirá para garantir un sistema de saneamento eficaz e sostible, que garanta a depuración das augas, eliminando tódolos vertidos ás canles existentes no concello. Así mesmo, o Plan establece unha rede separativa de augas pluviais e residuais.

Nas fichas de tódalas áreas de planeamento remitido e de sectores urbanizables indicase o tanto por cento de solo de sistema local ou xeral que ten que ser permeable para facilitar a recarga natural do terreo, co fin de facilitar a recarga natural do terreo nas novas zonas de desenvolvemento urbanístico.

Establécense medidas concretas na normativa urbanística (título 8) para a protección de todos os espazos con recursos naturais, patrimoniais e rurais, e con iso garántanse os límites de protección dos cursos fluviais do concello, mediante, principalmente a cualificación destes solos como rústico de especial protección de augas e canles.

Enerxía:

A normativa oríentase prioritariamente a condicionar a estrutura urbanística e legislativa que vai permitir acadar unha racionalización do consumo enerxético, como por exemplo nas condicións que se sinalan para o alumeadado público.

Contéplase axeitadamente na normativa urbanística o fomento de todas as posibilidades de obtención complementaria de enerxía na edificación, mediante recursos renovables, en sintonía coas demandas do CTE, inducindo a que a edificación poida acadar o maior grao posible de certificación de eficiencia enerxética, para acadar en conxunto un importante aforro económico e ambiental, e en condicións atmosféricas saudables.

O Plan sitúa as infraestruturas para a xeración de enerxía sostible procedente de fontes renovables, en solo rústico de protección de infraestruturas.

Polo que respecta ás infraestruturas de transporte de enerxía, os trazado aéreos, agás que pasen polos núcleos, quedan clasificadas como Solo Rústico de Protección de Infraestruturas.

Emisión de Contaminantes:

A compactidade da zonificación favorece a redución dos desprazamentos, complementándose cunha axeitada promoción das alternativas viarias non motorizadas (peonís e bicicleta) que fomentan os modelos de proximidade nos desprazamentos e a redución da utilización do vehículo.

Contémplase axeitadamente na normativa o fomento de todas as posibilidades de obtención de enerxía, mediante recursos renovables, reguladas para acadar en conxunto a mellor calidade de vida, con importante aforro económico e ambiental, e en condicións atmosféricas saudables.

Ciclo de materiais:

Contémplase axeitadamente na normativa, tanto as vías posibles e necesarias para concienciar á poboación como o fomento directo de tódalas posibilidades de xestión dos residuos, de maneira máis eficiente e para fomentar a súa recollida selectiva e a súa reciclaxe en sintonía coas esixencias e demandas climáticas e ambientais.

Nas fichas de tódalas áreas de planeamento remitido e de sectores urbanizables indícanse as reservas de superficie necesaria para a implantación de colectores de RSU.

Actividade económica:

O Plan xustifica razoablemente as accións do Plan con respecto ás necesidades das actividades económicas actuais e potenciais; así como ao axeitado dimensionamento e distribución dos equipamentos e infraestruturas.

Contémplase concretamente na delimitación dos dous urbanizables empresariais **UDI-A1**, e **UDI-B1**, con proposta de convenio coa asociación de empresarios "Área industrial Ponte do Porto".

Inclusión das fábricas de salgadura dentro dunha estratexia global cara á definición das mesmas, como sistemas xerais de equipamentos culturais, recuperando e mantendo o bordo litoral no núcleo de Camelle. Delimitación de plans especiais de protección do casco histórico de Camariñas, da Batería do Soberano e castro de Mourín. Definición como sistema xeral dos frontes marítimos de tódolos núcleos urbanos do concello, na clasificación do solo como rústico de especial protección paisaxística e de enclaves naturais.

Integración social:

O Plan prevé infraestruturas sociais para a poboación actual e a potencial, segundo as previsións do Plan.

Garántese tamén a proporción regulamentaria de vivendas protexidas.

A rede de equipamentos e espazos e centros públicos que se establecen no Plan, ten en conta aos colectivos vulnerables no deseño destas redes.

Medio natural:

Na clasificación do solo proposta o LIC Costa da Morte clasifícase como solo rústico de especial protección enclaves naturais, ademais tódolos espazos con valores naturais e ecolóxicos son clasificados como rústicos de especial protección. Por tanto, todos os espazos de interese natural do concello, estean ou non baixo algún tipo de figura de protección, están tamén protexidos polo Plan.

Contéplase concretamente na definición dos distintos corredores ecolóxicos na memoria de ordenación, os grandes corredores ecolóxicos (cabo Vilán e río Grande) e os corredores verdes (Camariñas, Trasteiro - Ensenada de Baza, Brea - Lamastredo, Lazio - Cuncheiros e Camelle).

Coa clasificación do solo nos rústicos de especial protección e cos diferentes corredores ecolóxicos e verdes, presérvase a integridade funcional dos sistemas naturais.

Medio Rural:

No estudo do Medio Rural identifícanse os espazos de interese produtivo que logo se clasifican como solo rústico especialmente protexido, en función das súas características naturais ou produtivas. Establécense medidas concretas na normativa urbanística para a protección de todos os espazos con recursos naturais, patrimoniais e rurais. Contéplase axeitadamente na clasificación do solo proposta; así como no modelo de ordenación territorial.

Na clasificación do solo, proposta no tocante aos rústicos de especial protección forestal, establécense medidas concretas na normativa para a protección, a conservación de elementos de interese ou catalogados, así como tamén as medidas a seguir para edificación de novas vivendas.

Medio Litoral:

Na clasificación do solo nos rústicos de especial protección de costas protéxese o espazo litoral, evitando a ocupación destes espazos.

Inclusión das fábricas de salgadura dentro dunha estratexia global cara á definición das mesmas, como sistemas xerais de equipamentos culturais, recuperando e mantendo o bordo litoral no núcleo de Camelle, para a recuperación e mantemento do patrimonio cultural vinculado ao mar, como son as antigas fábricas de salgadura.

Delimitación de plans especiais de protección do casco histórico de Camariñas, cara á recuperación da fachada marítima da vila, e da Bateria do Soberano, incorporándoo como sistema xeral de espazos libres, e a delimitación do plan especial de protección do castro de Mourín.

Integración do uso e xestión dos espazos costeiros coa dinámica e desenvolvemento do concello, definindo o bordo litoral nas zonas urbanas como sistemas xerais de espazos libres e utilizándoo como importante valor natural para a atracción dun turismo sostible. Mediante a definición como sistema xeral dos frontes marítimos de tódolos núcleos urbanos do concello.

A Paisaxe:

Na clasificación do solo como rústico de protección paisaxística, como é nos casos de monte Atalaia, ladeira de Pena Maior, monte Catón, monte Insua, Alto da Tomba Cova de Lobos, monte da Costa, Petón dos Covos e Petón da Canle.

Polo que fai á paisaxe, o ISA inclúe unha análise da paisaxe, onde se analizan as cuncas de interese paisaxísticas, así como a súa intervisibilidade.

Medio Urbano:

Establécense medidas concretas na normativa e na proposta dos grandes corredores ecolóxicos do Vilán e río Grande e dos corredores verdes de Camariñas, Trasteiro - Ensenada de Baza, Brea - Lamastredo, Lazio - Cuncheiros e de Camelle. Esta proposta de corredores verdes nos distintos núcleos urbanos, e en especial no núcleo de Camariñas, corredor este que apoiándose no paseo marítimo existente, percorre paralelo á ribeira do mar e conecta os novos parques propostos do Castelo, na punta do mesmo nome, ao sur do núcleo de Camariñas, co dos Castros xunto á praia de Area da Vila, ámbolos dous referentes do patrimonio cultural do concello que deste xeito se verán potenciados e revalorizados.

Coa apertura dos novos viarios propostos, así como a localización dos novos equipamentos de carácter xeral, quedará garantida a conexión aos centros equipamentais e aos núcleos urbanos.

Mediante a delimitación dun Plan Especial de Protección e Reforma Interior do casco histórico e por suposto, mediante a normativa urbanística e en especial por medio das ordenanzas, tanto xerais como as particulares de solo urbano.

O Plan garante a accesibilidade ao núcleos urbanos e contribúe á habitabilidade do medio con zonas verdes accesibles e de calidade e mellorando a calidade da paisaxe urbana actual.

Patrimonio:

Defínese a delimitación de tres plans especiais, por unha parte o PEPRI do Casco Histórico e por outra, dous plans especiais de protección, o da Bateria do Soberano e o de Castro de Mourín.

Defínese no propio catálogo actualizado do PXOM, para concibir e aplicar o catálogo como norma de protección do Patrimonio Cultural da vila, para utilizar o catálogo como recurso que permita facer avaliacións de carácter patrimonial dirixidas á xestión do Patrimonio, para revalorizar os inventarios e catálogos como ferramenta e instrumento de traballo en canto que representación dun rexistro dinámico, para converter o Inventario estático existente nun Catálogo dinámico que documente o proceso histórico e permita a avaliación e interpretación de cada un dos bens e para redefinir a unidade de traballo do inventario actual, de tal maneira que o futuro catálogo incorpore xunto ao ben cultural concreto, o seu contorno e contexto.

Defínese na normativa urbanística, así como tamén definírase na redacción do PEPRI do casco Histórico de Camariñas.

O Plan protexe os enclaves de interese cultural, histórico, arquitectónico e arqueolóxico e ten actualizado e catalogado o parque de edificios destacables.

Poboación:

Contémplase a delimitación dos tres urbanizables empresariais UDI-A1, UDI.A2, e UDI-A3, con proposta de convenio coa asociación de empresarios "Área industrial Ponte do Porto", e esta determinación do Plan é unha das máis importantes, de cara ao obxectivo de fixar poboación

A concepción dun modelo territorial policéntrico nace do recoñecemento da morfoloxía do asentamento poboacional do concello camariñán. O modelo baséase na potenciación das tres áreas urbanas, favorecendo a compacidade dos núcleos cara evitar o crecemento difuso, co fin de acadar o equilibrio demográfico do concello.

Os asentamentos principais urbanos terían, no modelo de ordenación proposta, a función de articular e vertebrar o concello, polo que é neles onde o PXOM propón a liña de actuación principal, marcando os obxectivos principais a conseguir no mesmo, deste xeito é neles onde se sitúan as dotacións culturais de sistema xeral.

O Plan ten valorado a estrutura demográfica existente e toma as determinacións necesarias para cubrir as deficiencias existentes neste eido.

Vivenda:

O Plan define a capacidade máxima residencial, baseada entre outros factores, pola necesidade estratéxica de solo residencial e de vivenda protexida.

O Plan reserva edificabilidade residencial en tódalas áreas de planeamento remitido e sectores urbanizables residenciais para vivenda protexida.

O Plan establece medidas concretas na normativa para a protección, a conservación de elementos de interese ou catalogados, así como tamén as medidas a seguir para edificación de novas vivendas.

Establécense medidas como a da creación de vivendas de protección oficial de fácil acceso para a xente nova.

Mobilidade:

Defínense por unha parte os sistemas xerais nos bordos marítimos en tódolos núcleos urbanos e defínense na memoria de ordenación os corredores ecolóxicos e corredores verdes.

Respecto ás estratexias para a mobilidade, dende o PXOM apostouse polo transporte público; para isto tívose en conta o plan piloto do concello "autobús social", transporte que facilitará a comunicación entre os distintos núcleos, facilitando así o acceso aos servizos dos veciños máis afastados dos núcleos urbanos.

Buscar a conexión entre a Batería do Soberano, a vila de Camariñas, a praia Area da Vila, castro de Mourín e a punta do Castelo, en Ponte do Porto buscar a conectividade de toda a ribeira do río Grande, cos muiños existentes, e o río de Concheiros, en Camelle buscar a conexión entre a vila, o rego de Camelle e as antigas fábricas de salgadura de Xandriña, e por último en Arou buscar a conectividade entre as praias e fronte marítimo da vila e o porto, co fin

de mellorar a conectividade Mellorar a conectividade dos puntos de interese comunitario do concello de Camariñas.

2.6. Análise e integración dos efectos do Plan sobre a ocupación e transformación do territorio.

Para determinar o impacto de ocupación e transformación do territorio establécese no ISA un mapa de capacidade de acollida como base para o cálculo do impacto territorial das accións do Plan, neste caso da categorización proposta polo PXOM. A capacidade de acollida realízase mediante a análise valorativa do territorio, utilizando o mapa de usos e coberturas do territorio e unha análise de ortofotografías do territorio, sendo o obxectivo fundamental determinar as áreas do concello con maior capacidade de acollida para ser urbanizadas e, viceversa que áreas teñen peores capacidades para ser urbanizadas. Xa que logo, con todo isto analízase o impacto territorial dos solos urbanos non consolidados e solos urbanizables delimitados e non delimitados. O resultado globalmente acada un impacto territorial moi baixo. No ISA elaboráronse unhas fichas dos solos urbanos non consolidados e urbanizables onde se avalía a magnitude do impacto territorial e se indican as medidas correctoras e minimizadoras do impacto territorial que presenta cada un destes solos.

No ISA estas fichas foron elaboradas para os solos urbanos non consolidados e urbanizables da aprobación inicial, polo que é necesario nesta proposta de memoria ambiental facer un cadro onde estean as equivalencias dos novos solos urbanos non consolidados e urbanizables e analizar a necesidade ou non dunha nova valoración do impacto de ocupación e transformación do territorio nestes solos. **En calquera caso, e dado que non aparecen novos ámbitos de desenvolvemento que non fosen previamente avaliados no ISA, mediante fichas individualizadas de impacto con medidas correctoras** (tan só se teñen eliminado algúns ámbitos, e cambiado de clasificación outro - a nova APR-A4 era antes un urbanizable, a antiga UDR-A1-), **pódese determinar que non é precisa unha nova valoración do impacto de ocupación e transformación dos ámbitos de desenvolvemento, pois xa estaban todos avaliados no ISA.**

2.7. Medidas protectoras, correctoras.

As medidas correctoras e protectoras que se presentan no ISA, son de varios tipos, segundo o seu ámbito de incidencia.

- **Medidas xenéricas:** son aquelas deseñadas á redución dos impactos xerados pola aplicación do ordenamento e normativa de planeamento. Dentro destas medidas distínguense dous tipos:
 - **Medidas de protección vectorial,** encamiñadas a protexer os distintos vectores medioambientais (atmosfera, relevo e solos, hidroloxía, vexetación, fauna, paisaxe).
 - **Medidas horizontais ou transversais** que abordan cuestións xerais da sustentabilidade.
- **Medidas particulares:** medidas de aplicación en determinadas actuacións. As clasificadas como de impacto compatible, pero que se producen en zonas de pendente elevada ou dentro da zona de policía dos ríos.

O conxunto destas medidas detállanse no apartado 6 do ISA.

As medidas particulares para os novos solos urbanos non consolidados e urbanizables resultantes do Plan tralo período de alegacións analízanse en detalle no seguinte capítulo desta memoria, sendo as medidas particulares as mesmas que na aprobación inicial, tanto en solos urbanos non consolidados como urbanizables. Nos solos urbanizables cómpre salientar que dos 11 sectores avaliados no ISA reducíronse a 9 logo do trámite de información pública. Un deles pasa a solo urbano non consolidado e o outro desaparece como solo urbanizable. Outros sufriron modificacións dos seus límites que non supuxeron cambios nin modificacións relevantes dende a perspectiva do impacto territorial.

2.8. Concreción do seguimento do Plan.

As actuacións que leva a cabo o PXOM deben de ser seguidas e avaliadas, mediante un sistema de indicadores que permitan coñecer o estado que se atopa o planeamento ao longo do tempo para ter información sobre a situación global do concello de Camariñas en materia de sustentabilidade .

No ISA elabórase unha proposta de Plan de Seguimento Ambiental, composto por un conxunto de indicadores.

E este Plan de Seguimento desenvolverase durante o período de vixencia do PXOM, e implicará a elaboración dunha serie de informes periódicos que serán remitidos ao organismo con competencia. Estes informes do Plan de seguimento deberán contemplar os indicadores establecidos neste Informe, a eficacia das actuacións e, no seu caso, os novos problemas ambientais detectados.

2.9. Viabilidade económica do plan.

Todos os custos son previstos no estudo económico financeiro. No capítulo 8 do ISA determínase o informe sobre a viabilidade económica da alternativa seleccionada e das medidas dirixidas a prever, minimizar ou paliar os efectos negativos e o establecemento dun sistema de seguimento.

3. AVALIACIÓN DO RESULTADO DA FASE DE CONSULTAS.

3.1. Análise do procedemento de participación pública e consultas.

Dende que se inicia a redacción do PXOM de Camariñas, o documento foi adaptándose aos diferentes cambios de normativa en materia de solo e as consideracións e determinacións das Administracións consultadas, ás consideracións e determinacións do órgano substantivo da Xunta de Galicia, e aos resultados da exposición pública. Polo tanto, o documento do PXOM que xunto co Informe de Sustentabilidade Ambiental sométese ao trámite de exposición pública é xa un documento moi elaborado.

Os informes e alegacións recollidas durante a fase de información pública determinan a introdución de modificacións no documento do PXOM elaborado para a súa aprobación provisional.

3.2. Análise dos resultados da participación pública e consultas.

Presentáronse 632 alegacións, das que 256 foron estimadas e por tanto con posibilidades de ser incorporadas ao Plan, 61 alegacións foron estimadas parcialmente (isto significa que só parte do exposto na alegación ten a posibilidade de ser incorporado ao Plan) e 290 alegacións foron desestimadas porque teñen difícil ou imposible a súa incorporación ao Plan).

No seguinte cadro resúmese a valoración feita polo equipo redactor das alegacións recibidas na totalidade do concello de Camariñas:

1: Alegacións recibidas na exposición pública do PXOM

TOTAL CONCELLO	ESTIMADAS	DESESTIMADAS	ESTIMADAS PARCIALMENTE	
TOTAL ALEGACIÓNS	258	277	81	632*

%	40,83	43,82	12,82	100
---	-------	-------	-------	-----

* Hai quince alegacións sen localizar.

Compre sinalar que as modificacións derivadas dos cambios solicitados pola CMATI para a Aprobación Definitiva do PXOM teñen afectado a algunhas das alegacións recollidas no cadro anterior, pero a espera de que se aprobe definitivamente o plan con estas modificacións, non se teñen realizado aínda as valoracións correspondentes a respecto da súa incidencia no tratamento ou na resposta as citadas alegacións.

Dos informes requiridos ás distintas administracións públicas recibíronse 12, dos cales 3 foron favorables de inicio e os outros 7 informes presentan condicións e indicacións que supuxeron variacións nas determinacións dos documentos do PXOM, e se acadaron finalmente informes favorables naqueles casos en que os informes iniciais eran desfavorables (Patrimonio e Estradas da CMATI).

2: Informes recibidos

Emisor	ACRÓNIMO	Data emisión	Resolución
Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y el Mar do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino	GSCM MMARM	25/05/2009	Contestado
Dirección Xeral de Infraestruturas da CMATI	DXI CMATI	10/06/2009	Contestado
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	DXPC CCD	15/05/2009	Contestado
Autoridade Portuaria da Coruña	AP A CORUÑA	20/05/2009	Contestado
Portos de Galicia da CPTOPT (agora CMATI)	PORTOS DE GALICIA CMATI	14/04/2009	Contestado
Augas de Galicia da CMATI	AUGAS DE GALICIA CMATI	27/10/2009	Contestado
Deputación da Coruña	DEPUTACION DE A CORUÑA	05/08/2009	Favorable
Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (agora CMATI)	SXCA CMATI	06/04/2009	Favorable
Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información	SETSI MI	01/04/2009	Favorable
Consellería de Vivenda e Solo (agora CMATI e IGVS)	SXOTU CMATI	16/04/2009	Contestado
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	DXPC CCD	18/05/2010	Contestado
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	DXPC CCD	12/07/2010	Favorable
Dirección Xeral de Infraestruturas da CMATI	DXI CMATI	23/09/2010	Favorable
Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da CMATI (Costas Galicia)	SXOTU CMATI	19/5/10	Contestado
Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y el Mar do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino		30/3/11	Contestado
Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural. Consellería do Medio Rural.		18/8/11	Contestado
Ministerio de Defensa		05/9/2011	Favorable
Portos de Galicia Consellería do Mar.	PORTOS DE GALICIA	15/11/2011	Favorable
Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da CMATI (Costas Galicia)	SXOTU CMATI	25/9/12	Contestado

3.3. Análise da integración dos resultados do proceso de participación pública e consultas.

Como resultado das alegacións presentadas, modificáronse algunhas delimitacións relativas aos solos urbanos, aos solos urbanizables e aos núcleos rurais; así como o sistema de portos. A maioría das modificacións non supoñen cambios significativos na estratexia da ordenación do Plan. Si foron máis significativas as modificacións dos solos urbanizables e dos urbanos non consolidados. As modificacións son, tanto debidas ás alegacións presentadas, como ás determinacións recollidas dos informes das administracións públicas, e a erratas gráficas ou nos textos.

3: Modificacións das áreas de desenvolvemento urbano non consolidado.

APROBACIÓN INICIAL 2008		APR. PROVISIONAL 2010		APR. PROVISIONAL 2011		CAMBIOS DEBIDO AS ALEGACIÓN		CAMBIOS DEBIDO AOS INF.SECTORIAIS
AREAS DESENVOLVEMENTO URBANO NON CONSOLIDADO		AREAS DESENVOLVEMENTO URBANO NON CONSOLIDADO		AREAS DESENVOLVEMENTO URBANO NON CONSOLIDADO		Nº REXISTRO ALEGACIÓN	OBSERVACION	INFORME SECTORIAL
NOME	SUPERFICIE (M²)	NOME	SUPERFICIE (M²)	NOME	SUPERFICIE (M²)			
APR-A1	2.090	APR-A1	2.090	APR-A1	2.090			
APR-A2	2.681	APR-A2	2.601	APR-A2	2.601	2730		Consellería de cultura e turismo. Dirección xeral de patrimonio cultural.
APR-A3	7.542	APR-A3	8.041	APR-A3	8.041	2651,2655		
APR-A4	4.100	APR-A4	25.627	APR-A4	25.627		A nova APR-A4 é a antiga UDR-A1,	
APR-A5	6.831	APR-A5	10.619	APR-A5	10.619	3015,2245,2029,2810,2135	A nova APR-A5, é a unión de as antigas APR-A5 e APR-A7	
APR-A6	8.421	DESAPARECE				2326,2544,2995,3086	A nova APR-A6 é a antiga APR-A11	
APR-A7	5.493	DESAPARECE				2326,2544,2995,3086	A nova APR-A7 é a antiga APR-A13	Consellería de cultura e turismo. Dirección xeral de patrimonio cultural.
APR-A8	6.352	APR-A8	5.571	APR-A8	5.571	1827,2272,2793		
APR-A9	2.348	DESAPARECE				2777	A nova APR-A9 é a antiga APR-A12	Consellería de cultura e turismo. Dirección xeral de patrimonio cultural.
APR-A10	2.922	DESAPARECE				2569,2774,2784,2909,2943,3231		Consellería de cultura e turismo. Dirección xeral de patrimonio cultural.
APR-A11	10.235	APR-A6	19.551	APR-A6	19.551	2204,2363,2653,2902		
APR-A12	3.064	APR-A9	3.064	APR-A9	3.064			
APR-A13	2.460	APR-A7	3.677	APR-A7	3.677	2720		
APR-A14	3.952	DESAPARECE				2910,3022,3037,3088,3229		
APR-A15	5.100	DESAPARECE						
APR-A16	4.847	APR-A10	7.123	APR-A10	7.123	2365,2988,3041,3110,3112,3194		
APR-A17	12.250	APR-A11	17.850	DESAPARECE		2282,2929,3018		CMATI, Dirección xeral de infraestruturas, Subdirección xeral de planificación e proxectos e Memoria Ambiental CMATI
APR-B1	6.650	APR-B1	6.650	APR-B1	6.650			
APR-B2	4.403	APR-B2	4.796	APR-B2	4.796		Reaxustes	Consellería de cultura e turismo. Dirección xeral de patrimonio cultural.
APR-B3	3.756	DESAPARECE					A nova APR-B3 é a antiga APR-B6	CMATI, Dirección xeral de infraestruturas, Subdirección xeral de planificación e proxectos.
APR-B4	5.958	APR-B4	6.157	APR-B4	6.157		Reaxustes	CMATI, Dirección xeral de infraestruturas, Subdirección xeral de planificación e proxectos.
APR-B5	8.151	APR-B5	8.139	APR-B5	8.139		Reaxustes	CMATI, Dirección xeral de infraestruturas, Subdirección xeral de planificación e proxectos.
APR-B6	11.750	APR-B3	9.494	APR-B3	9.494	2399,2403		
APR-C1	8.082	APR-C1	6.659	APR-C1	6.659	2332,2956,2986		Consellería de cultura e turismo. Dirección xeral de patrimonio cultural.
APR-C2	6.141	APR-C2	5.936	APR-C2	5.936	1795,2280,2808		Consellería de cultura e turismo. Dirección xeral de patrimonio cultural.
APR-C3	3.254	APR-C3	3.254	APR-C3	3.254			Consellería de cultura e turismo. Dirección xeral de patrimonio cultural.
APR-C4	2.231	DESAPARECE				2477,2480,2481,2700,2957,2985,3056,3069		
APR-C5	3.355	DESAPARECE				2256,2888,2950,2954,2970,2991		
APR-C6	3.161	DESAPARECE				2136,2492		

4: Modificacións nos solos urbanizables.									
APROBACIÓN INICIAL 2008		APR. PROVISIONAL 2010		APR. PROVISIONAL 2011		CAMBIOS DEBIDO AS ALEGACIÓN		CAMBIOS DEBIDO AOS INF. SECTORIAIS	
URBANIZABLE DELIMITADO		URBANIZABLE DELIMITADO		URBANIZABLE DELIMITADO		Nº REXISTRO ALEGACION	OBSERVACION	INFORME SECTORIAL	
NOME	SUPERFICIE (M²)	NOME	SUPERFICIE (M²)	NOME	SUPERFICIE (M²)				
UDR-A1	33.027	DESAPARECE				1665,2275,2351,2782,2852,2931,2978,3008,3080,3097,3136,3183	A nova APR-A4 é a antiga UDR-A1		
UDR-A2	34.925	UDR-A1	27.487	UDR-A1	27.487	2285,2803,3001,3002,3005,3021,3028,3089	A nova UDR-A2 é a antiga UDR-A3	CMATI, Dirección xeral de infraestruturas, Subdirección xeral de planificación e proxectos.	
UDR-A3	38.221	UDR-A2	39.201	UDR-A2	39.201	2195,2988,3041,3113,3115,3118,3156,3226	Na nova ordenación non hai UDR-A3		
UDR-B2	40.081	UDR-B1	31.917	UDR-B1	31.917	1933,2507,2598,3147	Na nova ordenación non hai UDR-B2		
		UDR-D1	22.752	DESAPARECE			Na nova ordenación pasa a ser UDR-D1	CMATI, Memoria Ambiental	
UDI-A1	58.517	UDI-A1	58.517	UDI-A1	58.517		Plan Sectorial de Areas Empresariais		
UDI-A2	42.345	UDI-A2	42.345	UDI-A2	42.345			Ministerio medio ambiente.Subdirección general de dominio público marítimo terrestre	
UDI-B1	157.004	UDI-B1	155.718	UDI-B1	155.718	3094	Proposta dos empresarios de Ponte do Porto	CMATI, Dirección xeral de infraestruturas, Subdirección xeral de planificación e proxectos.	
URBANIZABLE NON DELIMITADO		URBANIZABLE NON DELIMITADO		URBANIZABLE NON DELIMITADO		Nº REXISTRO ALEGACION	OBSERVACION	INFORME SECTORIAL	
NOME	SUPERFICIE (M²)	NOME	SUPERFICIE (M²)	NOME	SUPERFICIE (M²)				
UNDR-A4	9.724	DESAPARECE				2853,2979		CMATI, Dirección xeral de infraestruturas, Subdirección xeral de planificación e proxectos.	
UNDR-B1	31.113	UNDR-B1	30.461	UNDR-B1	30.461	2728,2849			
UNDR-C1	35.689	UNDR-C1	37.135	UNDR-C1	37.135	1899,3101			
UNDR-D1	22.752	PASA A UDR-D1					Na nova ordenación pasa a ser UDR-D1		

5.Modificacións dos núcleos rurais

APROBACIÓN INICIAL 2008. NÚCLEOS RURAIS			APROBACIÓN PROVISIONAL 2010-2011. NÚCLEOS RURAIS.			CAMBIOS DEBIDOS AOS INFORMES SECTORIAIS			
TRADICIONAL		EXPANSIÓN	TRADICIONAL		COMÚN	MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE. Dirección general de sostenibilidad de la costa y el mar. Subdirección general de dominio público marítimo terrestre	CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO. Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS. Dirección xeral de infraestruturas. Subdirección xeral de planificación e proxectos.	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS. Augas de Galicia. Zona Galicia-Centro.
NOME	SUP. (M²)	SUP. (M²)	NOME	SUP. (M²)	SUP. (M²)				
NR-01	1.839	0	NR-01	1.951	0				
NR-02	12.692		NR-02	12.088	5.738				
NR-03	16.595	10.696	NR-03	12.366	24.639				
NR-04	7.905	17.746	NR-04	11.062	0				
NR-05	7.419		NR-05	6.962	0				
NR-06	89.305	56.747	NR-06	92.837	102.964	si			
NR-07	4.116	5.212	NR-07	4.076	0				
NR-08	20.268	4.366	NR-08	24.078	1.065	si		si	
NR-09	112.996	92.200	NR-09	100.899	120.110			si	si
NR-10	113.198	51.557	NR-10	109.268	59.416		si		si
NR-11	9.710		NR-11	9.539	0				
NR-12	4.108	21.380	NR-12	4.108	27.184			si	
NR-13	13.978	42.147	NR-13	15.554	11.965		si		
NR-14	51.290		NR-14	35.646	28.571		si		
NR-15	27.999	20.234	NR-15	35.480	57.091		si		
NR-16	19.007	8.619	NR-16	21.554	9.066	si	si	si	
NR-17	66.569	40.251	NR-17	62.545	74.896		si	si	
NR-18	33.116	36.828	NR-18	41.704	30.801			si	
NR-19	12.426	8.759	NR-19	12.494	14.284				
NR-20	30.102	82.988	NR-20	29.798	84.411				
NR-21		13.928	NR-21	0	13.927				
NR-22	11.906	11.058	NR-22	10.693	0				
NR-23	7.128		NR-23	7.128	0				
NR-24	58.487		NR-24	58.487	0		si		
NR-25	40.502	11.635	NR-25	42.769	9.108		si		
NR-26	10.159		NR-26	0	16.122				
NR-27	10.147		NR-27	10.215	0				
NR-28	6.217		NR-28	4.821	0				
NR-29	18.739		NR-29	18.064	0				
NR-30									

3.4. Informes das administracións públicas.

ORGANISMO	DATA	RESUMO DO CONTIDO	INTEGRACIÓN NO PLAN
Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y el Mar do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino	25/05/09	Infórmase de deficiencias	-Revisadas de xeito pormenorizado as deficiencias sinaladas no informe, corríxense de acordo aos datos que o concello ten nesta materia e que se facilitaron ao equipo redactor. En todo caso, prevalecerán os datos recollidos no antedito expediente oficial. -Non se conciben modificacións, só se ratifica a lexislación aplicable.
		Modificar a localización da EDAR por atoparse nos primeiros 20 metros da ribeira do mar	-Modifícase a localización da EDAR situándoa fóra dos primeiros vinte metros dende a ribeira do mar, cumprindo deste xeito o artigo 44.6 da Lei de Costas. Así e todo, as EDAR ás que fai referencia o informe, están, a día de hoxe en execución, seguindo senllos proxectos definidos pola Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Augas de Galicia.
			O proxecto concibido no PXOM, a día de hoxe, está en execución tendo tódolos títulos habilitantes necesarios. - Incorporárase nas fichas dos núcleos sinalados (NR-06, NR-08 e NR-16) o apuntado no informe, tendo que cumprir os artigos 24,25, 27 e 28 da Lei de Costas. - En canto ao cumprimento do apartado 1.b) do artigo 30 da lei de Costas, tense que indicar que a edificabilidade media do solo urbanizable de todo o concello é de 0,496 m ² c/m ² s, cumpríndoo tódolos sectores situados na franxa de 500 metros á que fai referencia o artigo.
Augas de Galicia da CMATI	27/10/09	1.- Zona Galicia Centro.	-Representátese nos planos de ordenación o leito do afluente do río Lamastredo pola súa marxe dereita, dándolle a clasificación do solo que lle corresponde. - Modifícase na Normativa e na Memoria Xustificativa os erros detectados polo informe.
		2.- Subdirección xeral de programación e proxectos.	- Abastecemento. A información recollida, na documentación achegada á Subdirección Xeral de programación e proxectos, é froito do traballo de campo e da información dada polo concello de Camariñas. As actuacións propostas xustifícanse, na rede de abastecemento, xustifícanse no Estudo económico e financeiro do PXOM. Reaxústanse as dotacións para o abastecemento urbano do concello, estimándoo en 210 l/hab/día., polo que se modifica e se corrixe o indicado na memoria xustificativa e na Normativa urbanística.
Portos de Galicia da CPTOPT (agora CMATI)	14/04/09		-Considérase como Plans Especiais de Portos, as zonas de servizos de portos de Camariñas, de Camelle, coa instalación complementaria de Arou, e de Sta. Mariña. -Delimitase correctamente a instalación complementaria de Arou e corríxese a eiva na documentación do Porto de Sta. Mariña. Elimínanse os sistemas xerais de equipamentos E-059 e E-074 dos sistemas xerais portuarios. Tamén elimínanse os sistemas xerais de espazos libres L-136 e L-007 dos sistemas xerais portuarios. -Elimínase da Memoria Informativa os equipamentos ós que se refire o punto 4 do informe. -Modifícase na Memoria informativa, no punto 5.3.Outras afeccións, o indicado no informe. -Modifícanse os apartados que se indican na Normativa. -Elimínanse os equipamentos e espazos libres indicados e as súas fichas. - Corríxese a eiva na documentación incluíndo o Porto de Sta. Mariña. - Unha vez contrastada a discrepancia a este respecto entre os criterios da Consellería de Cultura e os de Portos, a propia Consellería de Cultura nos ten indicado que se porán en contacto con ese organismo para manter a protección e catalogación de elementos dentro da zona portuaria, polo tanto se manteñen na ordenación do PXOM. - Inclúese na Normativa que nos ámbitos lindeiros con solo de sistema xeral portuario, requírirase con carácter previo á concesión da licenza urbanística, a obtención de informe favorable de Portos de Galicia.
Autoridade Portuaria da Coruña	20/5/09		- A catalogación do Faro do cabo Vilán non implica ningunha delimitación do seu uso, polo que estes serán os correspondentes ás necesidades dos servizos aos que está destinado. - Con relación á Servidume da Enfilación de Sinalización Marítima de Villueira-Castelo, defínese e incorporárase nos planos de ordenación, para que, atendendo á normativa pertinente, se tomen as medidas protectoras convenientes no referente a edificacións e nivel de alumeado público, que afectase á visibilidade de dita enfilación.

ORGANISMO	DATA	RESUMO DO CONTIDO	INTEGRACIÓN NO PLAN
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	15/05/09	REFERENTES A BENS A PROTEXER	<p>Trata múltiples aspectos que analizaremos pormenorizadamente, e que foron tamén tratados persoalmente, con carácter xeral, por membros do equipo na propia Delegación da Consellería.</p> <p>Inclúise nas fichas que inclúen determinados Bens de Interese Cultural (BIC) de carácter xenérico (Batería do Soberano[1], escudos, hórreos, cruces e cruceiros) a súa consideración legal. [1] Fichas A_184 e X_006.</p> <p>Corrixíronse os erros detectados polos SSTT en relación á identificación dos BICs, incluíndo os que se adscribian nas fichas á categoría de BIC PROPOSTO.</p> <p>En relación aos elementos catalogados incluíron todos os que se incluíron no Anexo remitido polo IXPCG, agás a Fonte na Praza Maior de Camariñas, que carece de valor patrimonial (histórico ou artístico). Inclúise tamén o Centro Sociocultural do Alemán, sito en Camelle.</p> <p>Corrixíuse o referido á clave de plano consignada no documento de Catálogo, incluíndo as coordenadas UTM de todos e cada un dos elementos catalogados, xa fosen de carácter arquitectónico, etnográfico ou arqueolóxico.</p> <p>Inclúise en cada ficha o grao de protección asignado a cada ben de acordo co sinalado no Informe (Integral, Estructural e Ambiental), incluíndo un apartado descritivo. A maiores simplifícouse a identificación dos bens incluídos no Catálogo, distinguindo agora unicamente entre bens INVENTARIADOS, CATALOGADOS e BIC, tal e como sinala a Lei 8/1995.</p> <p>Incluíronse os contornos de protección (art. 75.4 da Lei 9/2002) pactados cos SSTT da DXPC, incluíndo referencia a esta circunstancia en cada ficha dos bens que gozan deles. Nas fichas corrixíuse a clave de plano indicada na entrega anterior e incluíronse tamén as consideracións referidas no Informe relativas ao tipo de solo no que se sitúan, apartado descritivo ou gráfico, actuacións permitidas e prohibidas, melloras necesarias, etc...</p> <p>En relación aos erros particulares detectados corrixíuse o grao de protección de cada un dos elementos citados no Informe de acordo cos SSTT; considerouse individualmente a protección dos escudos e brasóns; modificouse a adscripción alfanumérica dos muíños e o peirao aos que se refería o Informe da DXPC; sinalouse expresamente en cada ficha qué elementos conforman conxuntos indisolubles, indicando ademais cales e cantos son os bens que conforman os distintos conxuntos: pazos, conxuntos de muíños, etc...</p> <p>No referido á situación de A_184 (Batería do Soberano) a súa localización correcta é a fixada polo Equipo Redactor (Coord. UTM 485066- 4774799), non a referida no Anexo remitido pola DXPC.</p>
		NO REFERIDO A DE NORMATIVA DE PROTECCIÓN.	<p>Inclúise un articulado nas ordenanzas de protección dos bens arquitectónicos, etnográficos e arqueolóxicos que regula o réxime de inclusión e exclusión de elementos a través dunha modificación puntual.</p> <p>Incorporouse á Normativa que os usos previstos nos contornos de protección de xacementos arqueolóxicos estarán condicionados á inexistencia de restos patrimoniais, podendo ser condicionados pola Consellería de Cultura en función dos resultados das intervencións.</p> <p>Foron modificadas as condicións e usos autorizables nos contornos de protección dos BICs e xacementos con grao II de protección.</p> <p>Os niveis de protección anteriores (Integral e Non Integral) foron substituídos por Integral, Estructural e Ambiental, en concordancia co fixado nas fichas de Catálogo e co solicitado no Informe dos SSTT.</p> <p>No referido aos Tipos de Intervención autorizables, pormenorizáronse en cada un dos graos de protección referidos no punto anterior (2.4.).</p> <p>En relación aos contornos de protección, tal e como se sinalou máis arriba (1.6), foron redefinidos, minorizados e/ou suprimidos de acordo cos criterios dos SSTT da DXPC.</p> <p>Inclúise a necesidade de contar con autorización expresa do órgano competente da Consellería de Cultura para levar a cabo obras nos bens incluídos no Catálogo do PXOM ou nos seus contornos de protección. A maiores foi incorporado literalmente ao art. 3.6.4 o texto que se indicaba no Informe. Por último foi modificado o título do art. 6 no sentido indicado.</p>

ORGANISMO	DATA	RESUMO DO CONTIDO	INTEGRACIÓN NO PLAN
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	15/05/09	NO REFERIDO A ORDENACION	<p>En relación á ordenación, e atendendo ao establecido polo art. 32 da Lei 9/2002, unicamente se clasificaron como solo Rústico de Especial Protección de Patrimonio (RPPC) os xacementos arqueolóxicos que gozan de contorno de protección integral: GA15016001; GA15016002, GA15016003, GA15016004, GA15016006 (correspondente coa Bateria do Soberano, declarada BIC), así como o elemento etnográfico codificado como E_006.</p> <p>A maiores corrixíuse o referido no Informe relativo ao art. 8.10.1 da Ordenación.</p> <p>No que se refire ás fichas e aos planos de ordenación, a clave asignada aos xacementos arqueolóxicos, tal e como se indica no apartado descritivo da ficha de Catálogo, faise coincidir coa clave oficial asignada polo Inventario Xeral de Galicia nos seus tres últimos díxitos, aos efectos de facilitar a súa identificación. Con este propósito foron incorporadas, ademais, ambas claves en cada unha das fichas.</p> <p>Tal e como se indicaba no Informe dos SSTT o RPPC foi incorporado ao Plano de Estrutura Xeral e Orgánica do territorio, 1:15.000, serie O.1.1-Única.</p> <p>3.4. Incorporáronse ás fichas dos Solos Urbanos Non Consolidados (APR-XX), Solos Urbanizables (UDI-XX, UDR-XX, UNDR-XX) e do PEPRI-01, as condicións de ordenación e estéticas que deberán cumprir sempre que linden con edificacións catalogadas. A mesma determinación foi incluída no apdo. 7.3.2.1. referida aos PE de Protección, Rehabilitación e Mellora do Medio Rural.</p> <p>Incorporouse literalmente ao apartado 8.2.3 da Normativa a regulación de usos compatibles coa protección do patrimonio e a explotación do solo e os recursos naturais.</p> <p>Modificouse o sinalado no Informe (relativo ao art. 8.1.5), sendo incorporado aos arts. 8.1.6 e 4.3.12 no sentido expresado no Informe dos SSTT (incluíndo a obriga de conservar muros de pedra tradicionais e arborado e vexetación autóctona), así como a literalidade do texto que se suxería engadir ao art. 8.2.3, que figura agora, no sentido solicitado, no apartado 8.10.2.</p> <p>Tamén se modificaron as ordenanzas e normas particulares de solo rústico no sentido expresado no Informe, indicando a maiores que as obras de derrubio e demolicións no contorno de elementos catalogados precisarán autorización da Consellería de Cultura (ver art. 8.1.3.).</p>
		NO REFERIDO A NORMATIVA XERAL	<p>Incorporáronse as determinacións solicitadas referidas ao planeamento subordinado e ás modificacións do plan xeral (ver art. 3.1.1.).</p> <p>Incluíuse a obriga de obter licenza para levar a cabo parcelacións (ver art. 3.6.12.1.), repoboacións forestais, así como os proxectos de agricultura intensiva (ver art. 3.6.2.).</p> <p>Nas licenzas de demolición estableceuse tamén a obriga de contar co informe favorable do órgano competente da Xunta de Galicia (ver art. 3.6.4.).</p> <p>Fixouse cando se consideran os movementos de terra obra maior ou menor (ver art. 3.6.9.), impondo cautelas arqueolóxicas ás escavacións e movementos de terras que se leven a cabo dentro dalgún contorno dos bens arqueolóxicos catalogados (ver art. 10.5.).</p> <p>No que respecta aos requisitos da documentación dos proxectos, incluíuse a obriga de contar coa autorización da Consellería de Cultura (ver art. 3.6.4.).</p> <p>A maiores engadiuse que alí onde a conservación de elementos catalogados entre en conflito coas novas aliacións ou rasantes primará a conservación destes elementos (ver art. 3.6.8.), establecendo ademais requisitos (ver art. 4.7.) e cautelas para os proxectos de urbanización (art. 4.8.3) que se leven a cabo no contorno de bens catalogados.</p> <p>No referido ás actividades extractivas engadiuse que estarán sometidas ao establecido no art. 32 da Lei 8/1995, matizando no apartado 3 que se estas se leven a cabo dentro dalgún dos contornos de bens culturais catalogados deberán obter, previa á licenza, a autorización preceptiva e vinculante da Consellería de Cultura (ver art. 4.4.14).</p>
A Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información (do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio da Administración Xeral do Estado)	01/04/09		O informe é favorable, e formula unha serie de observacións e normas aplicables en materia de comunicacións electrónicas
Deputación da Coruña	05/08/09		O Informe é favorable, establecendo unha puntualización a respecto dos viarios da súa titularidade, polo que na documentación do PXOM se procede a corrixir o erro.

ORGANISMO	DATA	RESUMO DO CONTIDO	INTEGRACIÓN NO PLAN
Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible	06/04/09	Informe respecto das normas para asegurar unha correcta xestión de residuos urbanos e outros xerados nas distintas fases de desenvolvemento do plan e o deber de elaborar de acordo ao Plan de Xestión de Residuos Urbanos, un plan de recollida municipal.	Son determinacións de carácter xeral que non teñen unha integración específica no PXOM e por tanto non son determinacións de incidencia substancial no PXOM.
Dirección Xeral de Infraestruturas da CMATI	10/06/09		<p>1.- Modifícase, na memoria informativa, a denominación LC-432 pola correcta AC-432 e indícase no punto sinalado no informe da mesma, a categoría de estrada.</p> <p>2.- Clasifícase como rústico a liña límite da edificación do UDI-B1. Corríxese o erro do estreitamento do solo rústico de protección de infraestruturas no norte do NR-08. Agra Mar.</p> <p>3.- Clasificación e cualificación do solo de núcleo rural. -NR-18. Allo. Estúdase a apertura dun viario alternativo á AC-432, de xeito que non teñan acceso directo á estrada autonómica, así as edificacións que se pretendan construír nesas parcelas dependerán da apertura dese viario. Por outra banda incorpórase á normativa a prohibición dos accesos directos á estrada autonómica. -NR-17. Dor. Estúdase a apertura dun viario alternativo á AC-432, de xeito que non teñan acceso directo á estrada autonómica, así as edificacións que se pretendan construír nesas parcelas dependerán da apertura dese viario. Defínese unha aliñación no ámbito do núcleo rural tradicional de Dor, cun ancho de 20 metros, salvando as edificacións existentes. -NR-16. A Piosa. Defínese unha aliñación de 16 metros, salvando as edificacións existentes. Por outra banda, indícase na normativa que se prohiben os accesos directos á estrada autonómica. -NR-12. Prado. Redefínese a delimitación do núcleo na súa área de expansión. -NR-09. Covadiña-Cruceiro. Exclúese a última parcela do núcleo ao leste. Por outra banda, indícase na normativa que se prohiben os accesos directos á estrada autonómica. Defínese unha aliñación de 16 metros salvando as edificacións existentes. -NR-08. Agra Mar. Elimínase a área de expansión no leste do núcleo. Defínese unha aliñación de 16 metros salvando as edificacións existentes.</p> <p>4.- Clasificación e cualificación do solo urbano consolidado. Regularízanse as aliñacións na rúa Curros en Ponte do Porto, cun ancho de 16 m. No extremo oeste de Ponte do Porto defínese unha aliñación de 25 metros. En Camariñas, na zona norte, defínese unha aliñación de 25 metros e na Avda. da Coruña defínense aliñacións de 16 metros.</p> <p>5.- No solo urbano non consolidado indícanse nas fichas o apuntado no informa para as APR-A17, B4 e B5. A APR-B3 indicada no informe, elimínase da ordenación .</p> <p>6.- Acéptase todo o indicado no informe e procédese a indicalo nas fichas UDI-B1 e UDI-A2. O ámbito UNDR-A4 indicado no informe elimínase da ordenación.</p>

ORGANISMO	DATA	RESUMO DO CONTIDO	INTEGRACIÓN NO PLAN
Consellería de Vivenda e Solo (agora CMATI e IGVS)	16/04/09	Informe para adaptar o PXOM as Normas de Hábitat.	<p>O informe da Consellería de Vivenda baseábase nas Normas de Hábitat Galego (Decreto 262/2007), que foron substituídas e derogadas o 18/2/2010 polas Normas de Habitabilidade de Vivendas en Galicia (Decreto 28/2010), que entrarán plenamente en vigor o 18 de abril de 2010, por tanto enténdese xa obsoleto o informe recibido sobre o PXOM ao abeiro das NHG, polo que na documentación do PXOM obviaránse as observacións que se facían a respecto de moitos aspectos que as NHV-2010 teñen derogado (sobre todo as condicionantes urbanísticas e as referidas aos ámbitos sen ordenación detallada, mais tamén moitos condicionantes que se aplicaban aos espazos exteriores de calidade que agora pasa a definir plenamente o PXOM), que eran a maior parte das observacións do citado informe da CVS de 16/4/2009, xa que logo, as correccións que se fan no PXOM nos aspectos de habitabilidade son as que se refiren ao novo decreto das NHV-2010, entendendo por cumprimentado o que se citaba no informe sobre adaptación do PXOM a respecto das normas de habitabilidade vixentes.</p> <p>De feito realizáronse entre outras as seguintes melloras no PXOM:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Se ten introducido na Normativa a definición das condicións do Espazo Exterior de Calidade, que cumprirán tanto o propio PXOM no solo urbano consolidado e de núcleo, rural, como os documentos de desenvolvemento nos solos urbanizables e urbano non consolidado. - Defínense mellor as condicións dimensionais e de calidade que haberán de cumprir os patios (incluído o de cuarteirón) de xeito que cumpren cos aspectos que as NHV-2010 teñen establecido (e de feito en moitos aspectos dimensionais remitímonos directamente as NHV). - Redáctanse unhas condicións para os espazos libres, que garanten un tratamento de conxunto no que se xeren ou preserven espazos públicos comunitarios e de relación propios dos núcleos rurais (entrecamiños con función de praza, campos da festa, ...). - No apartado 7.3.2.1. sobre os Plans Especiais de Protección, Rehabilitación e Mellora do Medio Rural, engádese que no seu Anexo de Habitabilidade resolverase a definición das condicións de habitabilidade dos espazos exteriores comunitarios do mesmo xeito que no punto anterior. - De xeito xeral, ao grafitar as aliñacións dos novos viarios tense en conta (coas limitacións existentes a respecto das aliñacións historicamente consolidadas con edificacións ou peches de interese) que han de ser considerados Espazos Exteriores de Calidade, dos que depende que a iluminación e ventilación das vivendas acaden a mínima sección establecida, por tanto, e coas limitacións sinaladas, garántese que a relación ancho da rúa/altura dos edificios conta coa dimensión axeitada (e posible en cada caso) para unhas boas condicións de iluminación e ventilación. - Axustáronse, en xeral, as determinacións do PXOM ás NHV e complementáronse as xustificacións do seu cumprimento polo plan, tal e como se demanda nese Decreto.

ORGANISMO	DATA	RESUMO DO CONTIDO	INTEGRACIÓN NO PLAN
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	18/05/10		Trata múltiples aspectos que analizaremos pormenorizadamente, e que foron tamén tratados persoalmente, con carácter xeral, por membros do equipo na propia Delegación da Consellería.
		REFERENTES A BENS A PROTEXER	1. Incluíuse no Catálogo a ficha A_188, referida no Anexo I remitido ao Concello de Camariñas como "Casa con hórreo na rúa Calzada nº 20. A Ponte do Porto". 2. Corrixíuse a delimitación do xacemento GA15016006 (ficha X_006 do Catálogo) correspondente coa Bateria do Soberano seguindo as recomendacións do informe; así ampliouse o contorno de protección arqueolóxico (grao II-2) para facelo coincidir co contorno de protección de bens arquitectónicos (ficha A_184 do Catálogo). Esta delimitación ten como únicas excepcións os ámbitos NW e NE, onde se exclúen da protección arqueolóxica dous grupos de edificacións en razón da destrución certa do substrato arqueolóxico que afecta a ambos sectores. A maiores a caracterización crono-tipolóxica deste xacemento non permite albisar ou presumir a existencia dunha estrutura defensiva perimetral desta batería militar á altura dos sectores referidos, de aí que se considere razoable excluir ambos sectores dunha cautela arqueolóxica.
		NO REFERIDO A DE NORMATIVA PROTECCIÓN.	1. Modificouse o apartado 10.4, artigo 1º, referencia 1.4 no sentido expresado no informe, aclarando normativamente que os contornos de protección de carácter arquitectónico grafitados nos planos de ordenación quedarán exentos dos contornos xenéricos de 50 e 100 m respectivamente –en función da súa natureza etnográfica ou arquitectónica– que fixan as NNSSCC de 1991. Xa que logo aqueles elementos que carecen de contorno de protección específico estarán ao establecido polas devanditas NNSSCC. 2. Suprimíuse a protección xenérica ambiental para todos os elementos non catalogados incluídos nos contornos de protección delimitados a efectos que evitar contradición entre o expresado nos arts. 1º, 14 e 6º. 3. Incorporáronse ao apartado 10.4 as referencias á necesidade de autorización "preceptiva, previa e vinculante" para os actos suxeitos a licenza. 4. Creouse unha ordenanza específica que regula o Solo Rústico de Especial Protección de Patrimonio Cultural (RPPC) no art. 8.10; pax 249 da Normativa. Ao tempo puntualizouse que tamén se inclúen neste tipo de solos aqueles que coincidan coa protección integral dos xacementos arqueolóxicos (en diante XXAA) caso do Castro de Mourín (GA15016001), mámoa e foxo do lobo de Reira (GA15016002), mámoas de Ponte do Porto (GA15016003 e GA15016004) e Bateria do Soberano (GA15016006). Por último unificouse a denominación deste tipo de solo na normativa e nos planos de ordenación. 5. En relación ao artigo 8.10.2, correspondente coa Ordenanza que regula o Solo Rústico de Especial Protección de Patrimonio Cultural (RPPC), prohibíuse expresamente o apuntado no informe da DXPC en relación ás construcións e instalacións atinxidas polos contornos de protección de XXAA: prohibición de establecementos de acuicultura, de calquera tipo de obra que altere o substrato arqueolóxico, construción e instalacións agrícolas, gandaría intensiva e extensiva, etc... En coherencia co anterior exceptuáronse os usos compatibles coa conservación e posta en valor de XXAA. 6. Incluíuse tamén na Normativa (10.5) a excepcionalidade apuntada polos SSTT da DXPC en relación ás instalacións, conducións e tendidos soterrados que se pretendan situar nos ámbitos I-2 e II-2 dos xacementos arqueolóxicos. 7. Por último engadiuse na Normativa (10.5) que as condicións de ocupación e os proxectos construtivos que se pretendan levar a cabo dentro dos ámbitos arqueolóxicos de Grao III poderán ser condicionados pola Consellería de Cultura en función do resultado das intervencións arqueolóxicas que, eventualmente, puideran realizarse a instancia da DXPC.
		NO REFERIDO A ORDENACIÓN	3.1. Incluíronse as condicións de desenvolvemento dos Solos Urbanos Non Consolidados na APR-A3 e nas fichas coas condicións de desenvolvemento dos Solos Urbanizables UNDR-B1, C1 e D1, tal e como se sinalaba no informe. 3.2. Deuse cumprimento ao establecido no apdo. III do anterior informe da DXPC, no sentido de suprimir calquera caste de asignación xenérica da clase de solo rústico (RPPC) a ámbitos que non estean delimitados graficamente como tais nos planos de clasificación do solo. 3.3. No que respecta á superposición de solos rústicos de especial protección, o equipo redactor optou por non superpoñer ningunha categoría de solo rústico ao Rústico de Especial Protección de Patrimonio Cultural (RPPC).

ORGANISMO	DATA	RESUMO DO CONTIDO	INTEGRACIÓN NO PLAN
Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da CMATI (Costas Galicia)	19/5/10		<p>O informe fai unha serie de peticións de correccións, e estruturase en varios puntos temáticos que imos a extractar aquí.</p> <p>Téñense solicitado a Costas os derradeiros deslindes e se teñen corrixido nos planos.</p> <p>Tense redactado de novo o apartado 4.3.3 tendo en conta as correccións apuntadas e a propia Lei de Costas e do seu Regulamento.</p> <p>Procedese a eliminar algúns dos ámbitos de PEZL que se citan, pasando a regulalos mediante ordenanzas supeditadas ao cumprimento da Lei de Costas) e a reaxustar o resto deles que cumpran os requisitos contidos na disposición transitoria 3ª.3 da Lei de Costas.</p> <p>Procedese a eliminar de solo urbanizable todas aquelas zonas dos ámbitos citados que se atopaban en zona de protección para clasificarse como solo rústico, ou como solo urbano (naqueles casos concretos en que xa estaban así clasificados na DSU de 1981). A respecto da súa situación a menos de 200 m. do mar, compre sinalar que diante deles (entre a costa e os citados solos urbanizables) existen terreos clasificados como urbanos (pola DSU de 1981) antes da entrada en vigor da Lei de Costas en 1988, por tanto está xustificada esta circunstancia excepcional, que deberá ser valorada pola Comisión Superior de Urbanismo de Galicia.</p> <p>Procedese a eliminar de solo urbanizable todas aquelas zonas destes ámbitos que se atopaban en zona de protección e nos casos citados, dado que tamén está xustificada a súa necesidade, esta circunstancia excepcional se someterá a valoración pola Comisión Superior de Urbanismo de Galicia.</p> <p>Procedese a incluír na normativa (na regulación dos equipamentos locais e xerais, nos artigos 4.5.5 e 4.6.2) a condición de uso que se cita neste apartado para os que se sitúen na servidume de protección.</p> <p>Procedese a incluír na normativa unha regulación específica para as zonas dos núcleos de poboación que se localicen dentro dalgunha zona de protección do deslinde costeiro vixente (e remarcase o concepto de vixente, por canto no momento en que se varíen as zonas de protección polo organismo competente, automaticamente variará a zona de aplicación das citadas condicións, tal e como se recolle na normativa), e nestes casos (para identificar mellor estas zonas, con total precisión) engadirase a letra P ao final do código de ordenanza aplicable que se indica e grafía nos planos.</p> <p>No caso de Camelle citado procedese a delimitar un novo Plan Especial, e no caso de Ponte do Porto procedese a delimitar con precisión o tramo que cumpre coas condicións da DT 3ª.3, regra 2ª da Lei de Costas, e que se remite tamén a un Plan Especial. Ademais engádense os cálculos das porcentaxes de frontes baleiros e frontes edificadas para verificar o cumprimento da citada DT.</p> <p>Procedese a incluír na Memoria Xustificativa un novo apartado (o 8.9) no que se inclúe a demostración de que a edificabilidade nas zonas que se citan é inferior á media do solo urbanizable do termo municipal (que tamén se calcula neste apartado) e que non se formarán novas pantallas arquitectónicas.</p> <p>A respecto dos datos discordantes procedese a eliminar as fichas que estaban na normativa (que estaban desfasadas), e quedan as válidas (Documento de Xestión). A respecto dos solos urbanizables situados dentro da zona de influencia, procedese a facer mención da súa situación nesta zona de influencia nas respectivas fichas, precisando como criterio de ordenación o evitar a acumulación de volumes e a formación de pantallas arquitectónicas cara ó litoral.</p> <p>Procedese a modificar a ordenanza de aplicación nas zonas que se citan para demostrar mellor o cumprimento das condicións citadas, pasándose maioritariamente a ordenanza 3a, e incluso axústase a definición desta ordenanza para baixar a súa edificabilidade máxima (a 0,5 m2/m2) por baixo da resultante da media do solo urbanizable do termo municipal (0,55 m2/m2), pois a limitación do número de posibles adosados (establécese un máximo de 5 acaroados xuntos) xa impide a formación de pantallas arquitectónicas cara ó litoral.</p> <p>En referencia a previsión de prazas de aparcamento nos tramos de praia de Arou, Camelle e Area da Vila considerase suficiente a oferta actual destas dadas as características destes areais. Nos tres casos citados non se atoparon emprazamentos mellores (fora da zona de servidume citada) que as zonas de aparcamento xa existentes nesas zonas, por tanto mantéñense as existentes.</p> <p>Procedese a modificar o trazado dos colectores proxectados en Arou, entre a Praia de Arou e a Praia de Braña de Lazo, para afastalos máis alá dos primeiros 20 m. dende a ribeira do mar, en atención ó disposto no artigo 44.6 da Lei de Costas.</p>
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	12/07/10		O Informe é favorable
Dirección Xeral de Infraestruturas da CMATI	23/09/10		O Informe é favorable, pero condicionado ao establecemento dun viario de servizo no núcleo de Prado, modificación que xa se ten incluído na ordenación do PXOM.

ORGANISMO	DATA	RESUMO DO CONTIDO	INTEGRACIÓN NO PLAN
Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y el Mar do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino	30/3/11		O Informe é favorable, pero condicionado a subsanación de erros detectados nas liñas ribeira do mar, deslinde e servidume en varios planos, modificación que xa se ten incluído na ordenación do PXOM. Ademais sinalase a necesidade do correspondente título habilitante no caso de ocupar terreos de dominio público co colector xeral proposto na en Ponte do Porto por Augas de Galicia.
Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural. Consellería do Medio Rural.	18/8/11		O PXOM solo Rústico Especialmente Protexido as parcelas do Concello incluídas no Banco de Terras de Galicia
Ministerio de Defensa	05/9/2011		O Informe é favorable.
Portos de Galicia	15/11/2011		O Informe é favorable.
Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da CMATI (Costas Galicia)	25/9/12		Aínda que se cita o apartado 4.3.28, pensamos que se refire ao apartado 3.3.12, no que se procede a suprimir o punto 8 citado. Igualmente no apartado 3.3.12, se procede a suprimir ás referencias á DA 3ª da LOUG citada. Procedese a incluír e aplicar nos planos a escala 1:5.000 do plan á definición contida no artigo 32.2.e) da Lei 9/2002 no sentido en que no caso de estar incluídas dentro dos 200 m. dende a liña interior da ribeira do mar, as categorías de rústico que se establecen son combinadas coa categoría de solo rústico de especial protección de costas.

4. ANÁLISE DO PLAN PARA APROBACIÓN PROVISIONAL E DEFINITIVA.

4.1. Clasificación solo aprobación provisional.

Logo das últimas modificacións para a aprobación definitiva, recóllense os axustes a través do cadro comparativo coa fase anterior (aprobación provisional 2011). En todo caso, para a aprobación definitiva hai que comentar que a obriga de superpoñer os diferentes rústicos de especial protección da como resultado un cadro máis complexo como se pode ver para a análise comparativa que se refire ao solo rústico.

Resumo dos datos do PXOM de Camariñas (comparativa entre os datos da aprobación provisional do 2011 e o documento para a aprobación definitiva 2012):

APROBACIÓN PROVISIONAL 2011			PARA APROBACIÓN DEFINITIVA 2012		
SOLO URBANO			SOLO URBANO		
CATEGORIA	Superficie (ha)	Porcentaxe (%)		Superficie (ha)	Porcentaxe (%)
CONSOLIDADO	136,4	2,68%	CONSOLIDADO	134,24	2,61%
NON CONSOLIDADO	13,93	0,27%	NON CONSOLIDADO	19,01	0,37%
	150,32	2,95%		153,25	2,98%
SOLO DE NÚCLEO RURAL			SOLO DE NÚCLEO RURAL		
CATEGORÍA	Superficie (ha)	Porcentaxe (%)	CATEGORÍA	Superficie (ha)	Porcentaxe (%)
TRADICIONAL	79,62	1,57%	TRADICIONAL	76,50	1,49%
COMÚN	69,13	1,36%	COMÚN	61,78	1,20%
	148,75	2,92%		138,28	2,69%
SOLO URBANIZABLE			SOLO URBANIZABLE		
CATEGORÍA	Superficie (ha)	Porcentaxe (%)	CATEGORÍA	Superficie (ha)	Porcentaxe (%)
DELIMITADO	36,35	0,71%	DELIMITADO	33,60	0,65%
NON DELIMITADO	6,76	0,13%	NON DELIMITADO	3,05	0,06%
	43,1	0,85%		36,64	0,71%

APROBACIÓN PROVISIONAL 2011			PARA APROBACIÓN DEFINITIVA 2012		
SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN			SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN		
CATEGORIA	Superficie (ha)	Porcentaxe (%)	CATEGORIA	Superficie (ha)	Porcentaxe (%)
ORDINARIO	7,56	0,15%	RPOR	36,11	0,70%
AUGAS	659,86	12,97%	RPAC	0,05	0,001%
AGRARIO	385,16	7,57%	RPAG	377,27	7,342%
PAISAXISTICO	191,23	3,76%	RPAG-RPAC	205,20	3,993%
ENCLAVES NATURAIS	1.109,16	21,80%	RPCO	395,64	7,699%
FORESTAL	1.796,11	35,31%	RPCO-RPAC	53,63	1,044%
INFRAESTRUTURAS	140,09	2,75%	RPCO-RPIN	0,72	0,014%
PATRIMONIO	19,76	0,39%	RPCO-RPPA	12,48	0,243%
COSTAS	436,03	8,57%	RPCO-RPPA-RPAC	1,31	0,026%
	4.744,96	93,27%	RPCO-RPPC	3,31	0,064%
TOTAL	5.087,14	100,00%	RPEN	586,68	11,417%
			RPEN-RPAC	39,61	0,771%
			RPEN-RPCO	444,42	8,649%
			RPEN-RPCO-RPAC	33,23	0,647%
			RPEN-RPCO-RPIN	5,11	0,099%
			RPEN-RPCO-RPIN-RPPA-RPAC	0,30	0,006%
			RPEN-RPCO-RPPA	50,35	0,980%
			RPEN-RPCO-RPPA-RPAC	4,56	0,089%
			RPEN-RPCO-RPPA-RPIN	1,82	0,035%
			RPEN-RPCO-RPPC	14,41	0,280%
			RPEN-RPIN	12,50	0,243%
			RPEN-RPIN-RPAC	0,18	0,003%
			RPEN-RPIN-RPPA-RPAC	0,16	0,003%
			RPEN-RPPA	0,40	0,008%
			RPEN-RPPA-RPAC	0,04	0,001%
			RPEN-RPPA-RPIN	7,80	0,152%
			RPEN-RPPC	0,07	0,001%
			RPFO	1718,95	33,451%
			RPFO-RPAC	442,41	8,609%
			RPIN	92,55	1,801%
			RPIN-RPAC	11,24	0,219%
			RPIN-RPCO	4,03	0,079%
			RPIN-RPCO-RPAC	3,19	0,062%
			RPIN-RPPA	0,32	0,006%
			RPPA	240,27	4,676%
			RPPA-RPAC	4,93	0,096%
			RPPA-RPIN	2,49	0,048%
			RPPA-RPIN-RPAC	0,06	0,001%
			RPPC	1,60	0,031%
			RPPC-RPAC	1,08	0,021%
				4.810,49	93,61%
			TOTAL *	5.138,66	100,00%

* A LEVE VARIACIÓN DA SUPERFICIE TOTAL DO CONCELLO DÉBESE A UN AXUSTE NA LIÑA DE PECHER DA CARTOGRAFÍA NA ZONA COSTEIRA NESTA ÚLTIMA FASE.

RPOR: RÚSTICO ORDINARIO

RPAG: RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN AGRARIA

RPFO: RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN FORESTAL

RPIN: RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN DE INFRAESTRUTURAS

RPPA: RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN DA PAISAXE

RPCO: RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN DE COSTAS.

RPAC: RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN DE AUGAS E CAUCES.

RPEN: RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN DE ENCLAVES NATURAIS

RPPC: RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL

Aumenta o solo urbano consolidado do 2,45 % na aprobación inicial ata 2,98 % da aprobación provisional, mentres o solo urbano non consolidado mantense na mesma superficie. A superficie de solos urbanizables na aprobación provisional diminúe no 0,08 % sobre a superficie de solos urbanizables na aprobación inicial (50 ha). Os solos de núcleo rural aumentan o 0,22 % sobre a aprobación inicial, mentres os solos de protección acadan 0,34 % menos pasando do 93,56 % a 93,22 %.

Os axustes realizados tras a modificación da Memoria Ambiental, respecto da anterior, reflicten pequenas diferenzas de superficie nalgunha categoría de solo. O solo urbano consolidado mantense practicamente igual, cunha pequena diferenza debido a axustes poucos significativos para ordenación, aínda que aumenta levemente a súa superficie. O solo urbano non consolidado pola contra diminúe no total da súa superficie pola eliminación do ámbito da APR-11 da ordenación.

En canto ao Solo de Núcleo Rural este recolle as delimitacións anteriores e non sofre cambios.

A eliminación do Solo Urbanizable Delimitado UDR-D1 de Arou supón unha pequena diminución deste tipo de solo, que pasou a repartirse entre Solo Urbano - as parcelas edificadas - e Solo Rústico Especialmente Protexido. Neste último a súa superficie total incrementase debido aos cambios comentados anteriormente aínda que se mantén a porcentaxe deste tipo de solo no total do concello que está ao redor do 93,2%.

- Ampliación do solo urbano:

Delimitanse no documento para aprobación definitiva 19 sectores, na aprobación inicial os sectores de solo urbano non consolidado ascendían a 29, o que supón cambios, tanto das dimensións dos APR como no número; así uns solos APR desaparecen, outros redefinen os seus límites e outros moitos son englobados nalgunhas das outras áreas de desenvolvemento urbano non consolidado. Como pode observarse no cadro nº 8:

8: Áreas desenvolvemento urbano non consolidado. Comparativa aprobación inicial/aprobación provisional 2011/ aprobación definitiva 2012.

APROBACIÓN INICIAL 2008		APROBACIÓN PROVISIONAL 2011		PARA APROBACIÓN DEFINITIVA 2012	
AREAS DESENVOLVEMENTO URBANO NON CONSOLIDADO		AREAS DESENVOLVEMENTO URBANO NON CONSOLIDADO		AREAS DESENVOLVEMENTO URBANO NON CONSOLIDADO	
NOME	SUPERFICIE (M ²)	NOME	SUPERFICIE (M ²)	NOME	SUPERFICIE (M ²)
APR-A1	2.090	APR-A1	2.090	APR-A1	2.090
APR-A2	2.682	APR-A2	2.678	APR-A2	2.678
APR-A3	7.542	APR-A3	8.079	APR-A3	8.079
APR-A4	4.100	APR-A4	25.627	APR-A4	29.910
APR-A5	6.832	APR-A5	10.619	APR-A5	10.586
APR-A6	8.421	APR-A6	19551	APR-A6	DESAPARECE
APR-A7	5.493	APR-A7	3677	APR-A7	3.478
APR-A8	6.352	APR-A8	5.571	APR-A8	5.571
APR-A9	2.348	APR-A9	3028	APR-A9	3.028
APR-A10	2.922	APR-A10	7148	APR-A10	8.041
APR-A11	10.235	DESAPARECE	-	APR-A11	60.366
APR-A12	3.064	DESAPARECE	-	APR-A12	1.382

APROBACIÓN INICIAL 2008		APROBACIÓN PROVISIONAL 2011		PARA APROBACIÓN DEFINITIVA 2012	
AREAS DESENVOLVEMENTO URBANO NON CONSOLIDADO		AREAS DESENVOLVEMENTO URBANO NON CONSOLIDADO		AREAS DESENVOLVEMENTO URBANO NON CONSOLIDADO	
NOME	SUPERFICIE (M ²)	NOME	SUPERFICIE (M ²)	NOME	SUPERFICIE (M ²)
APR-A13	2.460	DESAPARECE	-	-	-
APR-A14	3.952	DESAPARECE	-	-	-
APR-A15	5.100	DESAPARECE	-	-	-
APR-A16	4.847	DESAPARECE	-	-	-
APR-A17	12.250	DESAPARECE	-	-	-
APR-B1	6.650	APR-B1	6.650	APR-B1	DESAPARECE
APR-B2	4.403	APR-B2	4.796	APR-B2	4.796
APR-B3	3.756	APR-B3	9494	APR-B3	11.797
APR-B4	5.958	APR-B4	6.157	APR-B4	6.015
APR-B5	8.151	APR-B5	8.139	APR-B5	9.913
APR-B6	11.750	DESAPARECE	-	-	-
APR-C1	8.082	APR-C1	6.659	APR-C1	6.659
APR-C2	6.141	APR-C2	6.149	APR-C2	6.149
APR-C3	3.254	APR-C3	3.254	APR-C3	3.254
APR-C4	2.231	DESAPARECE		APR-C4	6.305
APR-C5	3.355	DESAPARECE		DESAPARECE	-
APR-C6	3.161	DESAPARECE		DESAPARECE	-

Respecto da anterior entrega, o documento para aprobación definitiva, establece algúns cambios en canto aos ámbitos considerados de solo urbano non consolidado. En detalle estes son: por un lado o APR-A6 que inicialmente se chamaba APR-A11, sufriu variacións da súa delimitación e pasa a integrarse no solo urbanizable delimitado de carácter residencial (coa nova clave de UDR-A3 e contiguo ao solo urbano do núcleo de Camariñas). Delimítase unha nova APR-A11 que non ten nada que ver coa APR-A11 do documento de aprobación inicial e que recolle basicamente unha ampla zona de edificacións residenciais na marxe leste do núcleo de Camariñas coa finalidade de recoñecer e ordenar esta nova realidade xurdida nos últimos anos. Delimítase outro novo ámbito de planeamento APR-A12, que igualmente que no caso anterior non ten nada que ver coa establecina na fase de aprobación inicial e que se ubica no centro urbano de Camariñas e que ten por uso global o "dotacional" en referencia ao interese para executar un "tanatorio" e que polo tanto regule as condicións de accesibilidade e de acaemento da urbanización da parcela coa contorna. Elimínase o APR-B1 contiguo ao colexio de A Ponte do porto. En Camelle delimítase unha nova área de reparto (APR-C4) na marxe leste do núcleo coa finalidade de conseguir un adecuado artellamento do espazo urbano co espazo litoral, tratar correctamente o remate das edificacións de alta densidade executadas nos últimos anos sen criterio aparente así como a finalidade de prever unha reserva suficiente que garante as prazas de aparcadoiro público da praia urbana tal e como se recollen nas determinacións do Plan de Ordenación do Litoral.

Outros ámbitos recibiron pequenos axustes para esta fase en función dos plantexamentos da consellería de urbanismo ou en función dos axustes técnicos precisados. En todo caso estas son cuestións de índole menor como no caso da APR-B3, APR-A7, APR-A10, etc...

- Ampliación dos núcleos rurais:

O Plan delimita 30 (o NR-30 identificase nesta fase logo de analizada a supresión do urbanizable de Camelle) núcleos rurais no concello de Camariñas, dos cales 12 non presentan case modificacións globais en canto a súa delimitación (os NR 01, 02, 07, 08 05, 8, 9, 10, 11, 20, 22, 23, 24, 23, 24, 27, 28, 29).

Sen embargo no resto dos núcleos fixéronse axustes considerables ben na delimitación global do núcleo ou na consideración da súa extensión común ou tradicional.

En total, o Plan delimita unha superficie de 138.28 ha. de solo de núcleo rural que se distribúen en 76.50 ha de núcleo histórico –tradicional, e 61.78 ha de núcleo común.

Esta acción permite o crecemento dos núcleos, dun xeito ordenado, seguindo o viario preexistente, completando os espazos baleiros e respectando as terras produtivas do contorno.

En canto a tipoloxía dos asentamentos segundo a lei do solo (Histórico – tradicional, común e complexo) os asentamentos de Camariñas agrúpanse do seguinte xeito. En canto aos asentamentos histórico – tradicionais fan un total de 10, de tipoloxía común 1 mentres que de tipoloxía complexo, é dicir, aqueles que presentan na súa delimitación a concorrencia de solo de núcleo histórico – tradicional e de núcleo común a suma fai un total de 19 entidades.

A evolución dos cambios adoptados reflíctense no seguinte cadro de superficies.

09 Solos núcleos rurais. Comparativa aprobación inicial/aprobación provisional.

APROBACIÓN INICIAL 2008. NÚCLEOS RURAIS			APROBACIÓN PROVISIONAL 2010- 2011. NÚCLEOS RURAIS.			PARA APROBACIÓN DEFINITIVA 2012. NÚCLEOS RURAIS.		
NOME	TRADICIONAL	EXPANSIÓN	NOME	TRADICIONAL	COMÚN	NOME	TRADICIONAL	COMÚN
	SUPERFICIE (M ²)	SUPERFICIE (M ²)		SUPERFICIE (M ²)	SUPERFICIE (M ²)		SUPERFICIE (M ²)	SUPERFICIE (M ²)
NR-01	1.839		NR-01	1.951		NR-01	1.951	
NR-02	12.692		NR-02	12.088	5.738	NR-02	9.612	8.214
NR-03	16.595	10.696	NR-03	12.366	24.639	NR-03	12.295	22.379
NR-04	7.905	17.746	NR-04	11.062		NR-04	11.040	14.903
NR-05	7.419		NR-05	6.962		NR-05	7.854	13.664
NR-06	89.305	56.747	NR-06	92.837	102.964	NR-06	79.120	59.002
NR-07	4.116	5.212	NR-07	4.076		NR-07	4.076	
NR-08	20.268	4.366	NR-08	24.078	1.065	NR-08	24.078	1.065
NR-09	112.996	92.200	NR-09	100.899	120.110	NR-09	101.674	101.182
NR-10	113.198	51.557	NR-10	109.268	59.416	NR-10	108.107	55.187
NR-11	9.710		NR-11	9.539		NR-11	9.539	
NR-12	4.108	21.380	NR-12	4.108	27.184	NR-12	4.106	34.175
NR-13	13.978	42.147	NR-13	15.554	11.965	NR-13	6.261	32.273
NR-14	51.290		NR-14	35.646	28.571	NR-14	28.156	30.742
NR-15	27.999	20.234	NR-15	35.480	57.091	NR-15	30.034	40.689
NR-16	19.007	8.619	NR-16	21.554	9.066	NR-16	21.462	6.116
NR-17	66.569	40.251	NR-17	62.545	74.896	NR-17	57.895	44.821
NR-18	33.116	36.828	NR-18	41.704	30.801	NR-18	43.740	25.463
NR-19	12.426	8.759	NR-19	12.494	14.284	NR-19	12.220	11.477
NR-20	30.102	82.988	NR-20	29.798	84.411	NR-20	28.827	84.494
NR-21		13.928	NR-21		13.927	NR-21		15.015

APROBACIÓN INICIAL 2008. NÚCLEOS RURAIS			APROBACIÓN PROVISIONAL 2010- 2011. NÚCLEOS RURAIS.			PARA APROBACIÓN DEFINITIVA 2012. NÚCLEOS RURAIS.		
NOME	TRADICIONAL	EXPANSIÓN	NOME	TRADICIONAL	COMÚN	NOME	TRADICIONAL	COMÚN
	SUPERFICIE (M ²)	SUPERFICIE (M ²)		SUPERFICIE (M ²)	SUPERFICIE (M ²)		SUPERFICIE (M ²)	SUPERFICIE (M ²)
NR-22	11.906	11.058	NR-22	10.693		NR-22	10.893	
NR-23	7.128		NR-23	7.128		NR-23	7.125	
NR-24	58.487		NR-24	58.487		NR-24	58.391	
NR-25	40.502	11.635	NR-25	42.769	9.108	NR-25	43.662	9.836
NR-26	10.159		NR-26	0	16.122	NR-26	5.159	7.079
NR-27	10.147		NR-27	10.215		NR-27	10.215	
NR-28	6.217		NR-28	4.821		NR-28	4.821	
NR-29	18.739		NR-29	18.064		NR-29	17.962	
NR-30			NR-30			NR-30	4.733	

- Novos asentamentos:

Solos urbanizables programados residenciais. Na aprobación inicial aparecían 4 solos urbanizables delimitados residenciais 143.272 m², e na aprobación provisional os urbanizables delimitados residenciais son 3, cunha superficie de 106.598 m², pasando o antigo solo urbanizable UDR A1 a un solo urbano non consolidado (APR-A4). En canto a variación da delimitación o UDR-A2 sufriu unha importante merma froito das medidas impostas pola consellería de urbanismo que obrigou a súa redución no espazo comprendido dentro dos 200 metros dende a ribeira do mar.

Na fase a tramitar para aprobación definitiva, o número de urbanizables delimitados de carácter residencial elévase de novo a catro unidades sen ben a superficie total se reduciu pasando a sumar agora un total de 100.004 m² froito dos axustes co solo urbano consolidado e sobre todo o non consolidado.

Os solos urbanizables delimitados de carácter industrial, presentan unha superficie semellante entre a aprobación inicial e a provisional 2011 mentres que no documento para a aprobación definitiva, redúcese considerablemente ao eliminarse o UDI-A2 e se reaxusta o UDI-B1 en base ao proxecto sectorial de áreas empresariais considerado polo organismo competente para este ámbito.

En canto aos solos urbanizables non delimitados mantense unicamente para a fase de aprobación definitiva o UNDR-B1 en Ponte do Porto.

APROBACIÓN INICIAL 2008		APROBACIÓN PROVISIONAL 2011		PARA APROBACIÓN DEFINITIVA 2012	
URBANIZABLE DELIMITADO		URBANIZABLE DELIMITADO		URBANIZABLE DELIMITADO	
NOME	SUPERFICIE (M ²)	NOME	SUPERFICIE (M ²)	NOME	SUPERFICIE (M ²)
UDR-A1	31.941	UDR-A1	27.487	UDR-A1	30.488
UDR-A2	34.924	UDR-A2	39.375	UDR-A2	14.061
UDR-A3	38.221			UDR-A3	15.720
		UDR-B1	39.736	UDR-B1	39.736
UDR-B2	38.186	pasa a ser UDR-B1	-	-	-
UDI-A1	58.517	UDI-A1	58.517	UDI-A1	58.044
UDI-A2	42.345	UDI-A2	42.345	DESAPARECE	-
UDI-B1	157.004	UDI-B1	157.149	UDI-B1	177.903
URBANIZABLE NON DELIMITADO		URBANIZABLE NON DELIMITADO		URBANIZABLE NON DELIMITADO	
NOME	SUPERFICIE (M ²)	NOME	SUPERFICIE (M ²)	NOME	SUPERFICIE (M ²)
UNDR-A4	9.724	DESAPARECE	-	-	-
UNDR-B1	31.113	UNDR-B1	30.461	UNDR-B1	30.461
UNDR-C1	35.689	UNDR-C1	37.135	DESAPARECE	-
UNDR-D1	22.752	DESAPARECE	-	-	-

Nos solos urbanos non consolidados e solos urbanizables, as medidas particulares correspóndense con zonas de morfoloxía de pendentes acusadas ou zonas de protección de augas. As afeccións ao contorno dos ríos están ambientalmente compensadas coa disposición das ribeiras e marxes destes cursos fluviais como grandes sistemas de corredores ecolóxicos.

Nos solos urbanos para a aprobación definitiva, as medidas particulares son as mesmas que nas fichas dos mesmos solos, na aprobación provisional. Así pois, o mesmo que as fichas de impacto (por ámbito ou sector de análise do apartado 5.3 do ISA), nos solos para aprobación definitiva, todas presentan o mesmo impacto de compatible.

Nos solos urbanizables cómpre salientar que dos 11 solos urbanizables avaliados no ISA reducíronse a 7, logo dos distintos trámites dende a fase de información pública. Un deles pasa a solo urbano non consolidado e o outro desaparece como solo urbanizable. Outros sufriron modificacións dos seus límites que non supuxeron cambios nin modificacións relevantes, dende a perspectiva do impacto territorial. Así, mantéñense as medidas das fichas dos impactos territoriais que aparecen no ISA e que se modifican nas fichas da memoria ambiental, manténdose nos solos que se conservan as mesmas medidas correctoras.

Ademais, no ISA describíense as medidas xenéricas, de protección vectorial e medidas horizontais ou transversais, ademais das medidas particulares de aplicación en determinadas actuacións. E para aclarar a cuestión, no seguinte cadro expóñense as medidas particulares que teñen os solos urbanos non consolidados e urbanizables do documento para aprobación definitiva.

4: Cadro das medidas particulares das áreas de desenvolvemento Urbano Non Consolidado.

APROBACIÓN PROVISIONAL 2010	MEDIDAS PARTICULARES				
AREAS DESENVOLVEMENTO URBANO NON CONSOLIDADO NOME	RIBERAS FLUVIAIS	MORFOLOXIA	PERMEABILIDADE	RSU	VISTAS
APR-A1		X	X	X	
APR-A2		X	X	X	X
APR-A3			X	X	
APR-A4*		X	X	X	
APR-A5*			X	X	
APR-A6*		X	X	X	
APR-A7*			X	X	
APR-A8			X	X	
APR-A9			X	X	
APR-A10			X	X	
APR-A11		X			
APR-B1		X			
APR-B2	X				
APR-B4			X	X	
APR-B5		X	X	X	X
APR-B3*			X	X	
APR-C1			X	X	
APR-C2			X	X	
APR-C3			X	X	

APROBACIÓN PROVISIONAL 2011	MEDIDAS PARTICULARES				
AREAS DESENVOLVEMENTO URBANO NON CONSOLIDADO	RIBERAS FLUVIAIS	MORFOLOXIA	PERMEABILIDADE	RSU	VISTAS/PASAXE
APR-A1		X	X	X	X
APR-A2		X	X	X	X
APR-A3			X	X	X
APR-A4*		X	X	X	X
APR-A5*			X	X	X
APR-A6*		X	X	X	X
APR-A7*			X	X	X
APR-A8			X	X	X
APR-A9			X	X	X
APR-A10			X	X	X
APR-A11	DESAPARECE				
APR-B1		X			X
APR-B2	X				X
APR-B3*			X	X	X
APR-B4			X	X	X
APR-B5		X	X	X	X
APR-C1			X	X	X
APR-C2			X	X	X
APR-C3			X	X	X

PARA APROBACIÓN DEFINITIVA 2012	MEDIDAS PARTICULARES				
AREAS DESENVOLVEMENTO	RIBEIRAS FLUVIAIS	MORFOLOXIA	PERMEABILIDADE	RSU	VISTAS/PAISAXE
URBANO NON CONSOLIDADO					
APR-A1		X	X	X	
APR-A2		X	X	X	X
APR-A3			X	X	
APR-A4*		X	X	X	
APR-A5*			X	X	
APR-A6*		X	X	X	
APR-A7*			X	X	
APR-A8			X	X	
APR-A9			X	X	
APR-A10			X	X	
APR-A11			X	X	X
APR-A12			X		
APR-B2	X				
APR-B3*			X	X	
APR-B4			X	X	
APR-B5		X	X	X	X
APR-C1			X	X	
APR-C2			X	X	
APR-C3			X	X	
APR-C4		X	X	X	X

5: Cadro das medidas particulares nos solos urbanizables

APROBACIÓN PROVISIONAL 2010	MEDIDAS PARTICULARES				
URBANIZABLE DELIMITADO	RIBEIRAS FLUVIAIS	MORFOLOXIA	PERMEABILIDADE	RSU	VISTAS
NOME					
UDR-A1					
UDR-A2					
UDR-B1					
UDI-A1					
UDI-A2					
UDI-B1					
URBANIZABLE NON DELIMITADO					
NOME					
UNDR-B1					
UNDR-C1					
UNDR-D1					

APROBACIÓN PROVISIONAL 2011	MEDIDAS PARTICULARES				
URBANIZABLE DELIMITADO	RIBEIRAS FLUVIAIS	MORFOLOXIA	PERMEABILIDADE	RSU	VISTAS/PAISAXE
NOME					
UDR-A1					
UDR-A2					
UDR-B1					
UDI-A1					
UDI-A2					
UDI-B1					
URBANIZABLE NON DELIMITADO					
NOME					
UNDR-B1					
UNDR-C1					
UNDR-D1	DESAPARECE				

PARA APROBACIÓN DEFINITIVA 2012	MEDIDAS PARTICULARES				
URBANIZABLE DELIMITADO	RIBEIRAS FLUVIAIS	MORFOLOXIA	PERMEABILIDADE	RSU	VISTAS/PAISAXE
NOME					
UDR-A1		X	X	X	X
UDR-A2		X	X	X	X
UDR-A3		X	X	X	X
UDR-B1	X	X	X	X	X
UDI-A1		X	X	X	X
UDI-B1	X	X	X	X	X
URBANIZABLE NON DELIMITADO					
NOME					
UNDR-B1			X	X	X

As medidas son:

Ribeiras fluviais: as cesións de zonas verdes deberán situarse obrigatoriamente na ribeira do río, debéndose manter a biodiversidade do espazo fluvial.

Morfoloxía: deberán minimizarse os movementos de terra e manter a topografía natural na medida do posible.

Permeabilidade: na ordenación, como mínimo o 75% da superficie dedicada a espazos libres, debera de ser unha superficie drenante.

RSU: deberá de ter en conta a necesidade de localizar nas rúas os colectores de RSU.

4.2. Conclusións.

O proceso de Avaliación Ambiental Estratéxico detecta os principais puntos febles e téñense reforzado e retroalimentado as determinacións do Plan con propostas máis razoables e cara unha maior sustentabilidade naqueles aspectos que isto é posible:

- Reforzáronse as condicións de protección dos elementos ou conxuntos valiosos.
- Tense valorado moito máis o medio natural e en concreto o fronte litoral como fonte de lecer e alternativa de futuro (tamén fonte de recursos económicos e turísticos) insubstituíble (polo carácter de difícil reversión de actuacións sen obxectivos claros ou pouco meditadas e integradas).
- Téñense delimitado os corredores naturais como elementos da ordenación e se regulan Normativamente,
- Tense feito máis fincapé nas propostas de mobilidade sostible.
- Téñense reforzado as posibilidades económicas de desenvolvemento posible e razoable, valorando tamén o posible custe do mantemento das novas dotacións, infraestruturas e servizos derivadas da ordenación proposta, avaliando a sustentabilidade destes custes e a capacidade do Concello para asumir a parte deses custes que deba soportar, garantindo por tanto a viabilidade do mantemento dos elementos derivados da execución do plan,
- Tense reforzado o carácter de guía e control que ten a propia normativa do PXOM, dándolle un carácter formador (de cara á sociedade que a terá que cumprir e a administración que a terá que aplicar) nos aspectos principais da sustentabilidade, tentando achegar solucións concienciadoras en primeiro lugar e logo coercitivas en última instancia, para acadar os obxectivos de sustentabilidade desexados, que serán de aplicación na vida social e privada.
- Téñense incorporado os criterios do POL e as DOT na ordenación, facendo mais fincapé sobre todo nas determinacións do POL que xa se inclúen polo requirimento da Memoria Ambiental, facendo en conxunto mais racional e sostible ao PXOM.

Esta nova proposta queda novamente reforzada trala exposición pública, onde se completa a integración ambiental do PXOM de Camariñas.